2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase ás persoas interesadas do seguinte:

a) A persoa responsable do tratamento dos datos é o Concello de Cartelle, cuxo representante legal é o seu alcalde, Jaime Sousa Seara, con domicilio para os efectos de notificacións en praza Toxal,1 32824 Cartelle, Ourense, teléfono de contacto 988 491 120 e correo electrónico: concello.cartelle@eidolocal.es.

b) Co delegado de protección de datos do Concello de Cartelle pode contactarse no enderezo electrónico concello.cartelle@eidolocal.es, e ante el (ou directamente ante o responsable do tratamento) poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación do emprego público do sector público, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para a súa admisión e á valoración da súa solicitude. Publicaranse na sede electrónica do Concello de Cartelle as listas provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, as actas dos tribunais cualificadores e a resolución de nomeamento. As publicacións referidas manteranse durante o período de tempo estritamente necesario para o fin que se persegue e, como máximo durante un prazo de 5 anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida a publicación de oficio polo concello ou ben por solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento ou ao delegado de Protección do Concello de Cartelle (DPD), na praza Toxal, 1, 32824 Cartelle, Ourense, ou ben, a través do enderezo electrónico concello.cartelle@eidolocal.es.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade de coñecer eses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación do emprego público ao Concello de Cartelle (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679). No caso dos datos necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e a valoración de solicitudes, a necesidade de coñecer eses datos é para cumprir a finalidade de interese público (organización e xestión do emprego público no Concello de Cartelle) perseguida coa convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados ao Concello de Cartelle serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado do Concello de Cartelle para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de persoas solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos.

- Aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos administrativos e xudiciais que poidan interpoñerse contra os actos e resolucións susceptibles de recurso, así como aos membros dos tribunais cualificadores, Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións dos tribunais e das devanditas autoridades públicas.

- Aos membros do Pleno, cando o reclamen, para o exercicio do seu dereito á información.

f) En ningún caso se transferirán os datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello de Cartelle de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) En todo momento, as persoas interesadas poderán solicitarlle á Alcaldía do Concello de Cartelle o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez finalizado o procedemento, sempre que conste a firmeza do acto administrativo que lle poña fin e transcorrese o prazo sinalado na letra c) anterior desta base. Poderá formularse, igualmente, a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular da persoa interesada, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679. Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido ao Concello de Cartelle. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao concello neste procedemento.

i) En todo caso, a persoa interesada poderá formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta base.

Oitava. Tribunais de selección

1. O tribunal de selección estará formado por cinco membros: Presidencia, tres vogais e secretario/a que actuará con voz e voto. As persoas membros do tribunal deberán ter a condición

de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera organismos pertencente ao sector público.

A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo. Na medida do posible, tenderase a respectar a paridade na súa composición de conformidade co establecido no artigo 60 do TRLEBEP e 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Será designado na resolución pola que se aproben as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, segundo o establecido na base reguladora sexta.

2. As persoas membros do tribunal (titular e dous/dúas suplentes) con dereito a voto serán designadas mediante resolución da Alcaldía.

3. A Presidencia e os vogais serán elixidos entre persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo dos grupos ou categorías profesionais correspondentes preferentemente do Concello de Cartelle e/ou empregados públicos pertencentes ao resto do sector público e ás súas entidades dependentes. A Secretaría do tribunal será designada pola Alcaldía, entre persoas funcionarias. As persoas membros do tribunal estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación destas bases. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

4. Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións e non estarán suxeitos a instrucións de ningún tipo por parte dos órganos do Concello de Cartelle . O Concello de Cartelle porá á súa disposición os medios materiais que precisen para a realización do seu cometido. En casos xustificados, os tribunais de selección poderán solicitar a contratación de persoal asesor técnico especializado para a realización e avaliación das probas selectivas. Estas persoas, que debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de membros dos órganos de selección establece a lexislación vixente, colaborarán co tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e deberán comparecer a título individual, con voz e sen voto.

5. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a, titular ou suplente. As súas decisións adoptaranse por maioría

6. Correspóndelle á Presidencia do tribunal acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

7. A Secretaría, que intervirá con voz e voto, custodiará os exames e actas e elaborará as actas dos acordos. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

8. As resolucións do tribunal vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as resolucións, actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados, poderán interpoñerse os recursos que legalmente procedan en dereito.

Novena. Fase previa: exercicio de galego

Os/as aspirantes que non acreditasen o coñecemento de lingua galega na forma establecida na base quinta 2.I d) deberán realizar o exercicio previo conforme á cláusula g) da base cuarta, que será única para todas as persoas participantes.

Décima. Procesos derivados das disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público - sistema de concurso

1. Coa resolución de aprobación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas, sinalarase a data e lugar das convocatorias para a constitución do tribunal, proba de galego e a valoración de méritos do/as candidatos/as admitidos/as.

2. O tribunal valorará os méritos que alegasen e xustificasen as persoas aspirantes na solicitude e documentación anexa, na seguinte forma, agás cando se sinalen outros baremos nas normas específicas de cada praza:

a) Participar ou impartir cursos organizados ou homologados polos centros ou servizos de formación das diferentes administracións públicas e universidades, ou os impartidos polas organizacións sindicais, mutuas ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos acordos de formación continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas administracións públicas e realizados dentro do Plan de formación e inserción profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira

Os cursos de galego (cuxas titulacións sexan expedidas ou homologadas polos organismos correspondentes da Xunta de Galicia) sempre están relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira.

Por grupos e subgrupos de titulación, as táboas para acadar a puntuación máxima serían:

Grupo A2: 50 horas (0,20 puntos hora).

Grupo C2: 20 horas (0,50 puntos hora).

Grupo AP: 10 horas (1 puntos por hora).

A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos

b) Por cada mes de servizo remunerado, prestado en postos de traballo correspondentes á mesma categoría profesional da praza á que se aspira:

1) 1,25 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente do Concello de Cartelle, en calidade de persoal temporal.

2) 0,625 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no resto do sector público, en calidade de persoal temporal.

A puntuación máxima deste apartado será de 90 puntos.

Os servizos previstos anteriores computaranse ata a data prevista legalmente como último día para presentar as instancias.

Décimo primeira. Criterios de desempate

1. No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a. Estar ocupando no Concello de Cartelle a praza obxecto da convocatoria na mesma categoría profesional.

b. Maior antigüidade na ocupación dalgunha das prazas obxecto da convocatoria na mesma categoría profesional.

c. Estar ocupando no Concello de Cartelle algunha praza distinta das do obxecto desta convocatoria.

d. Estar ocupando en calquera outra administración pública ou empresa do sector público algunha praza na mesma categoría profesional que a do obxecto desta convocatoria.

e. As mulleres no suposto de existir infrarrepresentación feminina no correspondente corpo, escala, grupo ou categoría. A infrarrepresentación calcularase de acordo co previsto no artigo 49.2 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

f. A persoa de maior idade.

g. De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda, do 28 de xaneiro de 2022, (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2022).

2. A cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. As cualificacións das persoas aspirantes, serán publicadas na sede electrónica do concello no seguinte día hábil ao de realización da cualificación.

Décimo segunda. Publicación de resultados finais e presentación de documentos.

1. Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal publicará na páxina web do Concello de Cartelle (https://www.concellocartelle.es) a relación de persoas que superaron o procedemento por orde de puntuación final, con especificación da cualificación, e remitiralle a devandita relación ao alcalde do Concello de Cartelle para os efectos da tramitación dos nomeamentos. O tribunal non poderá propoñer o nomeamento ou contratación dun número de persoas superior ao de prazas convocadas, agás cando así o determine a propia convocatoria. Con todo, sempre que se propuxesen o nomeamento de igual número de persoas aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de persoas aspirantes seleccionadas, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que resolve poderá requirir do tribunal unha relación complementaria de persoas aspirantes que sigan ás persoas propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no TREBEP.

2. A resolución de nomeamento ou contratación corresponderalle á Alcaldía do Concello de Cartelle, de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e publicarase no Boletín Oficial da Provincia. A dita publicación determinará o inicio do cómputo do prazo para a interposición de reclamacións ou recursos que procedan.

3. As persoas aspirantes propostas presentarán, dentro do prazo de 20 días naturais contados a partir da publicación do resultado final na páxina web do Concello de Cartelle, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 4ª.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais do Estado ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial firme.

c) No suposto de ser nacional doutro estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou inhabilitado ou en situación equivalente nin constar sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) O certificado negativo do Rexistro Central de Penados e Rebeldes obterase por parte da persoa aspirante.

Décimo terceira. Nomeamento e toma de posesión ou contratación

1. Agás nos casos de forza maior, se dentro do prazo indicado as persoas aspirantes propostas non presentasen a súa documentación ou non acreditasen reunir os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados para as prazas polo que quedarán sen efecto todas as actuacións realizadas e a Alcaldía declarará a caducidade da proposta de nomeamento, tras a audiencia previa da persoa afectada, e sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade na solicitude para participar no proceso selectivo.

2. As persoas aspirantes nomeadas deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e se non o fixesen dentro do prazo sinalado, sen causa xustificada, perderán a condición de persoal funcionario e/ou todos os dereitos adquiridos en virtude do nomeamento. En todo caso, a declaración de caducidade do nomeamento efectuaraa a Alcaldía do Concello de Cartelle, tras o expediente contraditorio con audiencia das persoas interesadas.

3. Nos supostos de caducidade dos nomeamentos ou das propostas de nomeamento, así como nos de renuncia, a Alcaldía do Concello de Cartelle requirirá ao tribunal a formulación dunha nova proposta, que incluirá á persoa aspirante inmediatamente seguinte por orde de puntuación que superase todas as probas selectivas.

Décimo cuarta. Incidencias

1. Estas bases e as súas convocatorias e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

Ademais, contra os acordos dos tribunais de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web e no taboleiro electrónico da Concello de Cartelle. O prazo quedará suspendido se a persoa aspirante solicita que se lle poña de manifesto o expediente, polo prazo que transcorra entre a solicitude e o día no que se lle poña de manifesto, estableceéndose o prazo máximo de suspensión en 10 días hábiles. As reclamacións deberán ser resoltas polo tribunal de selección e deberán ser publicadas na páxina web e na sede electrónica do Concello de Cartelle, sen prexuízo da súa notificación ás persoas reclamantes. A publicación efectuarase xunto co anuncio do lugar e a data de realización do seguinte exercicio (salvo que sexa o último). Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

2. O tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, procurando, na media do posible, o anonimato das persoas aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas.

Décimo quinta. Retribucións dos persoas seleccionadas

Ata tanto se inicie a efectiva prestación dos servizos, as persoas aspirantes non terán dereito a ningunha percepción económica.

Décimo sexta. Prazas que se convocan.

Sistema de selección.

Persoal laboral fixo

Denominación da praza; Núm. vacantes; Quenda de acceso

Axente de emprego e desenvolvemento local; 1; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Auxiliar administrativo; 3; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Chofer rozadoira; 1; Concurso D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Peón ; 2; Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Décimo sétima. Dereitos de exame:

Os dereitos de exame serán os seguintes:

- Para as prazas de A2 - II: 24,50 euros
- Para as prazas do C2 - IV: 10,50 euros
- Para as prazas de agrupacións profesionais AP (E) – IV e V: 6,50 euros

O ingreso da taxa realizarase mediante ingreso na conta bancaria:

- núm. ES79 0049 6679 5829 90008719 de Banco Santander
- núm. ES95 5288 8231 1000 8850 de Abanca.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais, a ausencia de xustificante do aboamento dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de emenda, determinando a exclusión do/a aspirante.

Establecerase unha bonificación do 50% na taxa correspondente nos seguintes casos:

- Cando o solicitante sexa titular de familia numerosa.
- Cando o solicitante teña un grao de discapacidade igual o superior ao 33%.
- Cando o solicitante figure como demandante de emprego durante, polo menos, seis meses antes á data da convocatoria.

As ditas bonificacións serán excluíntes entre si.

Décimo oitava. Normas específicas para cada praza.

Peón

Grupo/categoría laboral; AP (E) - V

Núm. de prazas; 2

Réxime; Persoal laboral fixo

Xornada; Completa

Retribución bruta anual; As que figuran no orzamento da Concello de Cartelle para o exercicio 2023

Titulación esixible; Certificado de escolaridade, graduado escolar ou graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente (equivalencias segundo o previsto na Orde EDU/1603/2009 do 10 de xuño do Ministerio de Educación e concordantes)

Funcións que se van a desempeñar; As funcións xerais son inherentes á totalidade dos postos de traballo e, entre elas, destacan as seguintes:

1. Informar e atender ao cidadán ou ao resto de empregados, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.
2. Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria utilizados.
3. Cumprir as actividades nos prazos e calidades previstas.
4. Asistir a cantas reunións de traballo sexa convocado durante a súa xornada de traballo.
5. Tratar de resolver cantos problemas xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional, poñendo en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.
6. Asumir o réxime de suplencia establecido.
7. Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.
8. Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal.
9. Realizar todas as funcións legais e/o regulamentariamente establecidas.

Funcións específicas

1.Limpeza viaria e labores relacionados.

2.Limpeza de sumidoiros e rede de rede de sumidoiros.

3.Pequenas obras, instalacións e servizos de reparación e mantemento de edificios e espazos públicos municipais.

4.Mantemento, limpeza e conservación dos almacéns municipais e dos útiles.

5. Realizar nos vehículos e maquinaria o mantemento preventivo que resulte necesario sempre que para a súa execución non se requira unha especial cualificación.

6.Responsabilizarse do bo funcionamento dos instrumentos de traballo (vehículos, rozadoiras, aparellos de codificación, teléfonos móbiles, GPS...).

7. Pequenos traballos de fontanería que non presentan especial complexidade técnica.

8.Manexo de maquinaria de limpeza de titularidade municipal.

9.Acondicionamento e mantemento de xardíns e zonas verdes, incluíndo poda, rozas, tratamentos fitosanitarios e outras relacionadas coas anteriores utilizando a maquinaria e instrumentos que precisen.

10.Vixilancia e control da ocupación de vías públicas de acordo coas ordenanzas municipais para o seu efectivo cumprimento.

11.Apertura e peche de instalacións municipais, dando conta ao alcalde dos danos que se apreciasen despois da súa utilización.

12.Custodia de maquinaria e ferramenta, así como das chaves das dependencias municipais e de edificios de titularidade municipal.

13.Colocación e retirada de valados, sinalización viaria e outros elementos portátiles ou temporais.

14. Colaborar na organización e realización necesaria para os actos e festexos, cando así se lle solicite pola autoridade municipal.

15.Realizar outras tarefas que, en coherencia, coas súas capacidades e aptitudes profesionais, lle sexan encomendadas de cara á consecución dos obxectivos establecidos pola entidade

16.Calquera outro acto de natureza similar e que sexa ordenado pola autorizade municipal.

Sistema selectivo; 2 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (2 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: ningún.

b. Temario: ningún.

Chofer rozadoira

Grupo/Categoría laboral; AP (E) - IV

Núm. de prazas; 1

Réxime; Persoal laboral fixo

Xornada; Completa

Retribución bruta anual; As que figuran no orzamento do Concello de Cartelle para o exercicio 2023

Titulación esixible; certificado de escolaridade, graduado escolar ou graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente (equivalencias segundo o previsto na Orde EDU/1603/2009 do 10 de xuño do Ministerio de Educación e concordantes)

Permiso de condución B

Funcións que se van a desempeñar; As funcións xerais son inherentes á totalidade dos postos de traballo e, entre elas, destacan as seguintes:

- Informar e atender ao cidadán ou ao resto de empregados, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.
- Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria utilizados.
- Cumprir as actividades nos prazos e calidades previstas.
- Asistir a cantas reunións de traballo sexa convocado durante a súa xornada de traballo.
- Tratar de resolver cantos problemas xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional, poñendo en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.
- Asumir o réxime de suplencia establecido.
- Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.
- Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Realizar todas as funcións legal e/o regulamentariamente establecidas.

Funcións específicas

- Manexo de tractor e rozadoira.
- Condución de vehículos municipais.
- Realizar nos vehículos e na maquinaria o mantemento preventivo que resulte necesario sempre que para a súa execución non se requira unha especial cualificación
- Responsabilizarse do bo funcionamento dos instrumentos de traballo (vehículos, maquinaria, aparellos de codificación, teléfonos móbiles, GPS...).
- Xestión e mantemento de vías públicas e infraestrutura. colocación de sinalización viaria, limpeza de cunetas, poda e corta.
- Conservación e reparación e limpeza de beiravías.
- Inspección e control de servizos públicos.
- Control e mantemento de parques, xardíns e zonas verdes.
- Control, mantemento e conservación de edificios, instalación e maquinaria municipal.
-.Traballos de mantemento de maquinaria e instalacións municipais.
- Recollida de información sobre incidencias en vías e instalación públicas.
- Xestión de emerxencias.
- Coordinación de persoas de apoio puntual a tarefas de mantemento.
- Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

. Realizar outras tarefas que, en coherencia coas súas capacidades e aptitudes profesionais, lle sexan encomendadas de para a consecución dos obxectivos establecidos pola entidade.

- Outras funcións directamente relacionadas que lle poidan ser encomendadas polo seu ou pola súa superior xerárquico/a...

Sistema selectivo; 1 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (2 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: ningún.

b. Temario: ningún

Auxiliar administrativo

Grupo/Categoría laboral; C2 - IV

Núm. de prazas; 3

Réxime; Persoal laboral fixo

Xornada; Completa

Retribución bruta anual; As que figuran no orzamento da Concello de Cartelle para o exercicio 2023

Titulación esixible; Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

Funcións que se van a desempeñar; As funcións xerais son inherentes á totalidade dos postos de traballo e, entre elas, destacan as seguintes:

- Informar e atender ao cidadán ou ao resto de empregados, segundo proceda, para resolver aspectos da súa competencia.
- Coidar e manter as ferramentas, o material e a maquinaria utilizados.
- Manexar os computadores e aplicativos informáticos e tecnolóxicos necesarios para o correcto desempeño do posto de traballo.
- Cumprir as actividades nos prazos e calidades previstas.
- Asistir a cantas reunións de traballo sexa convocado durante a súa xornada de traballo.
- Tratar de resolver cantos problemas xurdan no seu ámbito de xestión e responsabilidade profesional, poñendo en coñecemento do seu superior as incidencias producidas.
- Asumir o réxime de suplencia establecido.
- Desempeñar tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que se ocupe, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría e cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.
- Cumprir coas normas e procedementos en materia de prevención de riscos laborais, en materia de protección de datos de carácter persoal, de transparencia e acceso á información pública e de políticas de seguridade na utilización de medios electrónicos.
- Realizar todas as funcións legal e/o regulamentariamente establecidas.

Funcións específicas:

- Realizar o rexistro de entrada e saída a través da aplicación informática Gestiona.
- Prestar apoio na xestión do Servizo Integrado de Rexistro (SIR) cando se lle requira
- Atender ao público presencial, telefonicamente e telematicamente.
- Informar aos cidadáns sobre os trámites administrativos normalizados relativos ao seu área de traballo.
- Elaborar documentos administrativos sinxelos mediante a utilización dos modelos preestablecidos polos seus superiores xerárquicos.
- Realizar a introdución, corrección e validación de datos nas ferramentas de traballo empregadas no seu ámbito de actuación.
- Realizar liquidacións que impliquen operacións de cálculo sinxelo.
- Utilización de follas de cálculo e bases de datos informatizadas, así como o mantemento actualizado destas.
- Elaborar propostas de resolución de asuntos que non requiran especialidade técnica ningunha.
- Dar conta dos expedientes a quen corresponda, de acordo coas instrucións que reciba.

- Executar as instrucións concretas sobre o arquivo e a xestión de expedientes recibidas polo seu superior xerárquico.

- Fotocopiar, meter en sobres, e selar documentos relativos á súa área de traballo, así como a realización de labores de franqueo de correspondencia oficial ante Correos.

- Tramitar expedientes e procesos administrativos acorde a súa categoría.

- Procurar que os asuntos que se lle encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

- Utilizar todos os medios de comunicación que a Corporación implante para a mellor prestación do servizo durante a súa xornada de traballo.

- Realización de tarefas análogas e complementarias que lle sexan asignadas polo seu superior relacionadas coa misión do posto.

- Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Servizo adscrito.

- Todas as tarefas que se realicen variarán segundo o departamento ao que sexa asignada cada praza, atendendo ás indicacións que determine o responsable xerárquico do departamento correspondente.

Sistema selectivo; 3 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (3 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: ningún.

b. Temario: ningún.

Axente de emprego e desenvolvemento local

Grupo/ Categoría laboral; A2 - II

N.º. de prazas; 1

Réxime; Persoal laboral fixo

Xornada; Completa

Retribución bruta anual; As que figuran no orzamento da Concello de Cartelle para o exercicio 2023

Titulación esixible; Diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao universitario, ou titulacións equivalentes ou superiores que habiliten para o acceso á praza convoca

Funcións que se van a desempeñar; As funcións que se van desenvolver na praza de axente de emprego e desenvolvemento local serán as propias da súa categoría laboral en termos xenéricos e , en especial, as seguintes:

1. Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles persoas emprendedoras, así como a prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.

2. Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotoras e emprendedoras, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara a promoción unha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.

3. Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

4. Apoio ás persoas promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

5. Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

6. Atende e/ou colabora nas seguintes áreas:

a) Medio rural:

- VXestión de cartografía, propia do Concello e doutras entidades relacionadas.

- Xestión de datos catastrais.

- Apoio aos propietarios nos distintos procesos de reestruturación parcelaria que se están a levar no concello.

- Prevención e defensa de incendios forestais; estos tres programas que seguen, son subvencionados pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, e polo tanto teñen unha posta en marcha inicial cada ano consistente na selección e contratación de persoal, adquisición de materiais, planificación do traballo, xustificación inicial e xustificación final ante a Xunta de Galicia.

Campaña de brigadas de prevención e extinción.

Campaña de prevención mediante roza de pistas municipais.

Campaña de prevención e defensa co uso da motobomba municipal.

b) Emprego:

-Atención ás consultas de emprendedores, e axuda na posta en marcha inicial da idea se é requirida, mediante información sobre as posibilidades de éxito e as axudas dispoñibles.

- Solicitude e xestión de axudas da Consellería de Traballo e Benestar relacionadas coa mellora da empregabilidade dos parados do concello, mediante programas de cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia que permiten a contratación subvencionada de traballadores para a realización de obras ou atención de servizos que presta o Concello. Neste campo, desde este servizo, xestiónase a posta en marcha do servizo, seguimento e control e a xustificación final.

- Colaboración en todos os programas relacionadas co fomento do emprego do Concello, tales como obradoiros de emprego, escolas taller, cursos AFD, etc.

c) Urbanismo:

- Xestión diaria de cartografía.

d) Catastro: encargado do Punto de información catastral do Concello de Cartelle (PIC)

- Xestión de cartografía catastral, relacionada coa base de datos do IBI rústica e urbana municipal

e) Subvencións:

- Tramitación inicial e final de gran parte das axudas que se solicitan nesta entidade.

- Tramitación aos veciños do concello de todo tipo de axudas e subvencións

8. Deberá tamén desempeñar tarefas administrativas de todo tipo e normalmente de trámite e colaboración seguindo os procedementos establecidos e as indicacións do superior, co fin de que estas actividades se executen na debida forma de calidade, cantidade, prazo, cust0 e oportunidade.

Sistema selectivo; 1 praza por concurso

Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (1 prazas)

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula décima.

a. Exercicios: ningún.

b. Temario: ningún.

(Ver anexos páx. 34-35)

Anexo I

Modelo normalizado de solicitude de participación no proceso selectivo para a provisión de prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal da Concell de Cartelle de conformidade coa Lei 20/2021

I. Datos da persoa solicitante:

Apelidos: _____Nome:_____

DNI/NIE:_____ Enderezo: _____

Poboación e código postal _____

Provincia: _____Teléfono móbil _____

Teléfono fixo:_____ Correo electrónico: _____

II. Solicita a súa admisión no proceso selectivo para a provisión de prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal da Concello de Cartelle de conformidade coa Lei 20/2021, segundo se indica no anexo II desta solicitude.
III. Documentación que se achega:
- DNI (ou outro documento acreditativo da identidade) da persoa solicitante.
- Xustificante de pago da taxa de procesos selectivos (e/ou de cumprir os requisitos de bonificación ou exención da taxa, de ser o caso).
- Diploma ou certificado polo que se acredite o grao de iniciación do idioma galego (Celga que lle corresponda)
- Carné B (Para o caso da praza de chofer rozadoira)
- Xustificantes dos méritos alegados.
IV. Documentación que xa consta en poder da Concello de Cartelle (de ser o caso, indíquese de que documentación se trata en folla á parte, sinalando a data e o procedemento no que foi achegada)
Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

Información sobre protección de datos. De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Cartelle, con enderezo na praza Toxal, núm. 1-32824 Cartelle (Ourense). Os seus datos serán utilizados para os trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a súa supresión e durante o tempo necesario para cumprir as obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, estes poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no boletín oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O Concello de Cartelle dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade no enderezo praza Toxal, núm. 1-32824, Cartelle (Ourense), aportando copia do seu DNI.

AO ALCALDE DO CONCELLO DE CARTELLE

Anexo II
Listado de prazas

Prazas: a persoa aspirante deberá marcar a/as categorías ás que desexa presentarse.

Marcar a praza a que opte	Persoal laboral fixo		
	Denominación da praza	Núm. Vacantes	Quenda de acceso
	Peón	2	Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro
	Chofer rozadoira	1	Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro
	Auxiliar administrativo	3	Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro
	Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Concurso. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro

Para a presentación dos méritos deberá de terse en conta o seguinte:
1. Servizos prestados na mesma ou análoga categoría profesional. (Acreditarase, no caso de servizos prestados no sector público, mediante certificación expedida pola correspondente entidade e para o resto de servizos prestados na forma establecida na cláusula quinta II.b) e c).
2. Cursos de 3 ou máis horas de duración organizados ou homologados polos centros ou servizos de formación das diferentes administracións públicas e universidades, ou os impartidos polas organizacións sindicais, mutuas ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos acordos de formación continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas administracións públicas e realizados dentro do Plan de formación e inserción profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira.

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data. Non poderán simultanearse ambos os dous recursos.
Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen oportuna.
Cartelle, 15 de decembro de 2022. O alcalde.
Documento electronicamente.

Bases reguladoras y convocatoria de los procesos selectivos para la provisión de las plazas incluidas en la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cartelle, de conformidad con la Ley 20/2021

El alcalde, por Resolución de la Alcaldía, del día 14 de diciembre de 2022, aprobó las bases que han de regir la convocatoria y la ejecución del proceso de estabilización de empleo en el Ayuntamiento de Cartelle, cuya oferta de empleo público se aprobó por Decreto de la Alcaldía núm. 2022-0054 (BOP núm. 118, de 25 de mayo de 2022 y anuncio publicado en el DOG núm. 119, de 22 de junio de 2022.

Se adjuntan las bases reguladoras que regirán la convocatoria:

Primera. Objeto de la convocatoria

Es objeto de estas bases la regulación de los procesos selectivos para la provisión en propiedad de las plazas de personal laboral fijo del Ayuntamiento de Cartelle incluidas en la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cartelle, aprobada por el Decreto de la Alcaldía núm. 2022-0054 (BOP núm. 118, de 25 de mayo de 2022 y anuncio publicado en el DOG núm. 119, de 22 de junio de 2022).

La relación de dichas plazas se recoge en la base 16ª.

Segunda. Legislación aplicable

A las pruebas selectivas les será de aplicación la normativa estatal y autonómica reguladora de la selección de personal funcionario de carrera y laboral fijo al servicio de las administraciones locales y concretamente lo dispuesto en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público, así como lo dispuesto en esta convocatoria.

Tercera. Sistemas de selección

Conforme con lo dispuesto en la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cartelle, y de conformidad con lo establecido en el artículo 2 y en la disposición adicional 6ª y 8ª de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público, se establece como sistema de selección el sistema de concurso-oposición para la provisión de las plazas correspondientes a los procesos de estabilización de empleo temporal previsto en el artículo 2 de la Ley 20/2021 y el de concurso para la provisión de las plazas correspondientes a los procesos de estabilización de empleo temporal previsto en las DA 6ª y 8ª de la Ley 20/2021.

Cuarta. Requisitos de las personas aspirantes

1. Para participar en las pruebas selectivas, de conformidad con lo establecido en los artículos 56 del TRLEBEP y artículo 50 de la Ley 22015, del Empleo Público de Galicia, las personas aspirantes deberán reunir los siguientes requisitos, referidos todos y cada uno de ellos a la fecha en la que finalice el plazo de presentación de solicitudes, y conservarse, cuando menos, hasta la fecha de la toma de posesión.

a) Nacionalidad: tener la nacionalidad española. Además, y conforme con lo establecido en los artículos 57 del TRLEBEP y 52 de la LEPG, podrán acceder a las plazas de personal funcionario de carrera, las personas nacionales de los demás estados miembros de la Unión Europea, así como las personas extranjeras que reúnan la condición de cónyuges de españoles o de nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho, y sus descendientes y las/los de su cónyuge – siempre que no estén separados de derecho- menores de 21 años o mayores que vivan a sus expensas. Las mismas reglas se aplicarán, de ser el caso, a las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados internacionales realizados por la Comunidad Europea y ratificados por España, en los que sea de aplicación la libre circulación de personas trabajadoras. En lo que alcanza a las plazas de personal laboral fijo, podrán acceder a ellas, además de las personas señaladas en el párrafo anterior, las personas extranjeras que se encuentren residiendo legalmente en España, de acuerdo con el previsto en el artículo 10.2 de la Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, de Derechos y Libertades de los Extranjeros en España y de su Integración Social.

b) Edad: tener cumplidos 16 años de edad y no exceder la edad máxima de jubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión del título que en cada caso se señala, o en condiciones de obtenerlo en la fecha en la que finalice el plazo de presentación de solicitudes, en cada caso. Cuando se aleguen equivalencias de títulos, se aportará en su día certificado para el efecto de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria. En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero, deberán poseer el documento que acredite de manera fidedigna su homologación.

d) Capacidad funcional: no padecer enfermedad ni estar afectada/o por limitación física o psíquica incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones, sin perjuicio de que sean admitidas las personas con diversidad funcional en igualdad de condiciones que las demás personas aspirantes, según lo dispuesto en la disposición adicional 19ª de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, en la redacción dada por la Ley 53/2003, de 10 de diciembre, y normativa de concordante aplicación. En el supuesto de aspirantes con grado reconocido de discapacidad, que no suponga incapacidad para el desempeño de puesto de trabajo, se deberá referir tal situación en la instancia.

e) Habilitación: no estar separada/o mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales del Estado o estatutarios de las comunidades autónomas, ni encontrarse en situación de inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial firme. En el supuesto de ser nacional de otro Estado, no encontrarse inhabilitado o en situación equivalente ni haber sido sometido la sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su estado, nos mismos términos, el acceso al empleo público.

f) No incurrir en ninguna de las causas de incapacidad o incompatibilidad que determine la legislación vigente.

g) Lengua gallega: acreditar el conocimiento de la lengua gallega de acuerdo con lo establecido en el artículo 51 de la LEPG y en la forma establecida en la base quinta.2.I.d). En el caso de no poseer los certificados será necesario superar un ejercicio previo y eliminatorio de traducción que constará de una entrevista oral en idioma gallego.

El tiempo máximo para la realización del ejercicio será, en cada caso, de una hora. Este ejercicio se valorará como apto o no apto y para superarlo será necesario obtener el resultado de apto. Le corresponderá al tribunal determinar el nivel de conocimientos exigidos para alcanzar el resultado de apto. El/los ejercicio/s se realizarán una única vez para todas las personas candidatas que se presenten a las distintas plazas de la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cartelle.

h) Los requisitos especiales que se señalen para cada plaza en la base 16ª.

2. En todo caso, el personal que ingrese en virtud de esta convocatoria quedará obligado a prestar los servicios en la jornada de trabajo única o partida que acuerde el Ayuntamiento, así como los servicios o cometidos similares a los de las plazas que obtengan, siempre de acuerdo con las normas generales que se adopten, sin discriminación, con carácter general o para determinados cometidos y servicios.

Quinta. Presentación de solicitudes y admisión de las personas aspirantes

1. El plazo para la presentación de solicitudes será de veinte (20) días naturales, contados a partir de la publicación del anuncio de la convocatoria en el BOE. Previamente, se publicarán las bases íntegras en el BOP y un anuncio de la convocatoria en el DOG (artículo 205 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia).

Información sobre protección de datos. De acuerdo con lo establecido por la normativa vigente en materia de protección de datos, le informamos de que el responsable de tratamiento de sus datos personales es el Ayuntamiento de Cartelle, con dirección plaza Toxal,núm. 1-32824 Cartelle (Ourense). Sus datos serán utilizados para los trámites estrictamente necesarios relacionados con su solicitud. El hecho de que no nos facilite parte de la información solicitada podrá suponer la imposibilidad de prestarle el servicio solicitado. Los datos facilitados se conservarán mientras no se solicite la supresión de los mismos y durante el tiempo necesario para dar cumplimiento a las obligaciones administrativas derivadas de su solicitud y, los mismos podrán ser publicados en los listados resolutivos de admitidos, en el boletín oficial correspondiente, tablón de edictos municipal y página web. Tiene usted derecho a acceder, rectificar o suprimir los datos erróneos, solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, así como oponerse o retirar el consentimiento en cualquier momento. El Ayuntamiento de Cartelle dispone de formularios específicos para facilitarle el ejercicio de sus derechos. Puede presentar su propia solicitud o solicitar nuestros formularios, siempre acompañados de una copia de su DNI para acreditar su identidad en la dirección plaza Toxal, núm. 1-32824, Cartelle (Ourense), aportando copia de su DNI.

AL ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE CARTELLE

Anexo II
Listado de plazas

Plazas: la persona aspirante deberá marcar la/las categorías a las que desea presentarse.

Marcar la plaza a la que opte	*Personal laboral fijo*		
	Denominación de la plaza	*Núm. Vacantes*	*Turno de acceso*
	Peón	*2*	*Concurso. D.A. 6ª de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre*
	Chofer desbrozador	*1*	*Concurso. D.A. 6ª de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre*
	Auxiliar administrativo	*3*	*Concurso. D.A. 6ª de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre*
	Agente de empleo y desarrollo local	*1*	*Concurso. D.A. 6ª de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre*

Para la presentación de los méritos deberá de tenerse en cuenta lo siguiente:
1. Servicios prestados en la misma o análoga categoría profesional. (Se acreditará, en el caso de servicios prestados en el sector público, mediante certificación expedida por la correspondiente entidad y para el resto de servicios prestados en la forma establecida en la cláusula quinta II.b) y c).
2. Cursos de 3 o más horas de duración organizados u homologados por los centros o servicios de formación de las diferentes administraciones públicas y universidades, o los impartidos por las organizaciones sindicales, mutuas u otras entidades promotoras de acciones formativas en el marco de los acuerdos de Formación Continua para las administraciones públicas (AFCAP) y del Acuerdo de Formación para el Empleo de las Administraciones Públicas (AFEDAP), o cursos de formación ocupacional impartidos o homologados por las administraciones públicas y realizados dentro del Plan de Formación e Inserción Profesional (FIP) o del Plan de acciones formativas dirigidas prioritariamente a desempleados (AFD), y siempre relacionados con las funciones propias de la plaza a la que se aspira.

Contra la resolución que aprueba estas bases, que pone fin a la vía administrativa, se podrá interponer un recurso potestativo de reposición ante esta Alcaldía, en el plazo de un mes contado desde el día siguiente al de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, o se podrá impugnar directamente ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de dos meses, contados desde la misma fecha. No podrán simultanearse ambos recursos. Sin perjuicio del anterior, los interesados podrán interponer cualquier otro recurso o reclamación que estimen oportuna.
Cartelle, 15 de diciembre de 2022. El alcalde.
Documento electronicamente.

R. 3.089

Castrelo do Val

O Pleno deste concello aprobou definitivamente o orzamento para o exercicio económico de 2023 por acordo que se adoptou na sesión plenaria do 18 de novembro do 2022. En cumprimento do que dispón o artigo 166.3 do texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, publícase que o devandito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, a contía de: un millón douscentos dezaoito mil euros; correspondendo a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos
Capítulo; Denominación; Euros

A) Operacións non financeiras
A-1 Operacións correntes
1; Gastos de persoal; 334.219,45
2; Gastos en bens correntes e servizos; 620.800,00
3; Gastos financeiros; 1.800,00
4; Transferencias correntes; 104.200,00
5; Fondo de continxencia e outros imprevistos; 0,00
A-2 Operacións de capital
6; Investimentos reais; 138.017,95,00
7; Transferencias de capital; 0,00
B) Operacións financeiras
8; Activos financeiros; 0,00
9; Pasivos financeiros; 18.962,60
Total gastos: 1.218.000,00

Estado de ingresos
Capítulo; Denominación; Euros

A) Operacións non financeiras
A-1 Operacións correntes
1; Impostos directos; 316.000,00
2; Impostos indirectos; 4.000,00
3; Taxas, prezos públicos e outros ingresos; 107.000,00
4; Transferencias correntes; 784.400,00
5; Ingresos patrimoniais; 6.550,00
A-2 operacións de capital
6; Alleamento de investimentos reais; 0,00
7; Transferencias de capital; 50,00
B) Operacións financeiras
8; Activos financeiros; 0,00
9; Pasivos financeiros; 0,00
Total ingresos: 1.218.000,00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que se reproduce a continuación:

Funcionarios:

Unha praza de Secretaría-Intervención, grupo A1/A2, nivel CD 30, cuberta en propiedade.

Unha praza de auxiliar de administración xeral, grupo C2, nivel CD 18, cuberta en propiedade.

Unha praza de subalterno, grupo agrupacións profesionais (antes grupo E), nivel CD 14, vacante.

Persoal laboral fixo:

Unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local, a tempo completo.

Outro persoal laboral:

Un operario de servizos varios, a tempo completo.

De acordo co establecido no artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificado pola Lei 14/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, faise constar a consignación nos orzamentos das seguintes retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación:

- Retribucións dos membros da Corporación por asistencia a sesións dos distintos órganos municipais: membros da Corporación: 60,00 euros. O presidente de cada órgano colexiado: 260,00 euros.
- Axudas de custo por desprazamento para asistencia a actos de xestión ou representación municipal: aplicarase o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo; no seu texto actualizado por Resolución do 2 de decembro de 2005 (BOE do 3 de decembro de 2005).
- Gastos de locomoción: empregando vehículo propio a razón de 0,19 euros por quilómetro.
- Dotación económica dos grupos políticos: non se prevén.

De conformidade co disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento deste concello para o 2023, poderá interporse directamente o recurso contencioso-administrativo, na forma que establecen as normas da devandita xurisdición e sen que a súa interposición suspenda por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado e publicado

Castrelo do Val, 16 de decembro de 2022. O alcalde.

Asdo.: Vicente Gómez García.

Documento asinado dixitalmente na marxe polo alcalde.

El Pleno de este Ayuntamiento aprobó definitivamente el presupuesto para el ejercicio económico de 2023, por acuerdo que se adoptó en la sesión plenaria de 18 de noviembre do 2022. En cumplimiento de lo que dispone el artículo 166.3 del Texto Refundido de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, se publica que el citado presupuesto asciende, tanto en gastos como en ingresos, a la cuantía de: un millón doscientos dieciocho mil euros; correspondiendo a cada uno de los capítulos las siguientes cantidades:

Estado de gastos
Capítulo; Denominación; Euros

A) Operaciones no financieras
A-1 Operaciones corrientes
1; Gastos de personal; 334.219,45
2; Gastos en bienes corrientes y servicios; 620.800,00
3; Gastos financieros; 1.800,00
4; Transferencias corrientes; 104.200,00
5; Fondo de contingencia y otros imprevistos; 0,00
A-2 Operaciones de capital
6; Inversiones reales; 138.017,95
7; Transferencias de capital; 0,00
B) operaciones financieras
8; Activos financieros; 0,00
9; Pasivos financieros; 18.962,60
Total gastos: 1.218.000,00

Estado de ingresos
Capitulo; Denominación; Euros

A) Operaciones no financieras
A-1 Operaciones corrientes
1; Impuestos directos; 316.000,00
2; Impuestos indirectos; 4.000,00
3; Tasas, precios públicos e otros ingresos; 107.000,00
4; Transferencias corrientes; 784.400,00
5; Ingresos patrimoniales; 6.550,00
A-2 Operaciones de capital
6; Enajenación de inversiones reales; 0,00
7; Transferencias de capital; 50,00
B) operaciones financieras
8; Activos financieros; 0,00

9; Pasivos financieros; 0,00

Total ingresos: 1.218.000,00

En la referida sesión, también se acordó aprobar la plantilla de personal y la relación de puestos de trabajo de esta Corporación que se reproduce a continuación:

Funcionarios:

Una plaza de Secretaría-Intervención, grupo A1/A2, nivel CD 30, cubierta en propiedad.

Una plaza de auxiliar de administración general, grupo C2, nivel CD 18, cubierta en propiedad.

Una plaza de subalterno, grupo agrupaciones profesionales (antes grupo E), nivel CD 14, vacante.

Personal laboral fijo:

Una plaza de agente de empleo y desarrollo local, a tiempo completo.

Otro personal laboral:

Un operario de servicios varios, a tiempo completo.

De acuerdo con lo establecido en el artículo 75 de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, modificada por la Ley 14/2000, de 28 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y de Orden Social, se hace constar la consignación en los presupuestos de las siguientes retribuciones, indemnizaciones y asistencias de los miembros de la Corporación:

- Retribuciones de los miembros da Corporación por asistencia a sesiones de los distintos órganos municipales: miembros de la Corporación, 60,00 euros. El presidente de cada órgano colegiado: 260,00 euros.

- Dietas por desplazamiento, para asistencia a actos de gestión o representación municipal: se aplicará el Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio; en su texto actualizado por Resolución de 2 de diciembre de 2005 (BOE del 3 de diciembre de 2005).

- Gastos de locomoción: empleando vehículo propio a razón de 0,19 euros por kilómetro.

- Dotación económica de los grupos políticos: no se prevén.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 171 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, contra la aprobación definitiva del presupuesto de este Ayuntamiento para el 2023, podrá interponerse directamente el recurso contencioso-administrativo, forma que establecen las normas de dicha jurisdicción y sin que su interposición suspenda por si sola la aplicación del presupuesto definitivamente aprobado y publicado.

Castrelo do Val, 16 de diciembre de 2022. El alcalde.

Fdo.: Vicente Gómez García.

Documento firmado digitalmente en la margen.

R. 3.108

Cenlle

Conforme co disposto no art. 101 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, esta Corporación vai proceder á elección do xuíz de paz titular do municipio e para estes efectos, pública a convocatoria para xeral coñecemento.

1. Obxecto. Constitúe o obxecto da presente convocatoria a elección do xuíz de paz titular do Concello de Cenlle.

2. Requisitos. Os aspirantes teñen que cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser español

b) Ser maior de idade

c) No estar incurso nas causas de incapacidade previstas no art. 303 da Lei do Poder Xudicial, nin nas de incompatibilidade sinaladas no art. 389 e seguintes da mesma lei.

3. Prazo. O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no BOP.

4. Solicitudes. As solicitudes formularanse mediante instancia dirixida á Alcaldía, e presentaranse no Rexistro do Concello na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI

b) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o art. 2.1.a) da Lei 68/1980, do 1 de decembro (relativa a se se atopa inculpado ou procesado)

c) Declaración persoal de non estar incurso nas causas de incapacidade e incompatibilidade sinaladas nos art. 303 e 389 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

d) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue.

Criterios de elección:

- Terase en conta a residencia no concello de Cenlle, e a experiencia en postos similares.

Na data da sinatura electrónica. A alcaldesa.

Asdo.: Rebeca Sotelo Fernández.

Conforme con lo dispuesto en el art. 101 de la Ley Orgánica 6/1985, del 1 de julio, del Poder Judicial, esta Corporación va a proceder a la elección del juez de paz titular del Ayuntamiento y para estos efectos, se pública la convocatoria para general conocimiento.

1. Objeto. Constituye el objeto de la presente convocatoria la elección del juez de paz titular del Ayuntamiento de Cenlle.

2. Requisitos. Los aspirantes tienen que cumplir los siguientes requisitos:

a) Ser español

b) Ser mayor de edad

c) No estar incurso en causas de incapacidad previstas en el art. 303 de la Ley del Poder Judicial, ni en incompatibilidades señaladas en el art. 389 y siguientes de la misma ley.

3. Plazo. El plazo de presentación de las solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación de la presente convocatoria en el BOP.

4. Solicitudes. Las solicitudes se formularán mediante instancia dirigida a la Alcaldía, y se presentarán en el Registro del Ayuntamiento o en la forma establecida en el art. 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Con la solicitud deberá presentarse la siguiente documentación:

a) Fotocopia compulsada del DNI

b) Certificación expedida por el Registro Central de Penados y Rebeldes y declaración complementaria a la que hace referencia el art. 2.1.a) de la Ley 68/1980, de 1 de diciembre (relativa a si se encuentra inculpado o procesado).

c) Declaración responsable de no estar incurso en las causas de incapacidad e incompatibilidad señaladas en los art. 303 y 389 de la Ley 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial.

d) Justificación de los méritos que, en su caso, alegue.

Criterios de elección:

- Se tendrá en cuenta la residencia en el municipio de Cenlle y la experiencia en puestos similares.

En la fecha de la firma electrónica. La alcaldesa.

Fdo.: Rebeca Sotelo Fernández.

R. 2.926

Cortegada

Bases polas que se regula a convocatoria e o proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante o procedemento de estabilización de emprego temporal no Concello de Cortegada do posto de axente de emprego e desenvolvemento local, aprobados pola Xunta de Goberno Local deste concello, na sesión extraordinaria do día 13 de decembro de 2022

1. Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto destas bases a regulación do proceso excepcional para a convocatoria e o proceso de selección de persoal laboral fixo do posto de axente de emprego e desenvolvemento Local, mediante o procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso, dentro do marco xeral de execución da oferta pública aprobada mediante Resolución da Alcaldía, do día 27 de maio de 2022, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense número 123, do 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia número 105, do 02/06/2022

As bases serán publicadas no BOP de Ourense e na sede electrónica do Concello de Cortegada. Tamén será publicado un anuncio da convocatoria no DOG e no BOE. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

O sistema selectivo empregado será o concurso que se desenvolverá conforme ao previsto nas presentes bases.

O devandito posto convócase ao abeiro da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

2. Características da praza

Grupo de clasificación: II

Denominación: axente de emprego e desenvolvemento local.

Núm. de prazas: 1

Réxime: persoal laboral fixo

Tipo de xornada: completa

Sistema selectivo: concurso

Cometido funcional: O/A AEDL de Cortegada terá que colaborar na promoción e implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial e cantas accións contribúan ao desenvolvemento local, integral e sostible nos ámbitos económicos, cultural, social e ambiental. Colaborará coa Xunta de Galicia e con outras administracións en todas esas políticas de promoción económica e emprego a través das axudas que se convoquen ou convenios que se asinen e procurará unha dinamización económica do territorio a través da prospección de recursos.

Outras funcións administrativas:

• Redactar e xestionar todo tipo de documentos administrativos, notificacións, correos electrónicos, etc.

• Xestión e tramitación de subvencións.

• Atención ao público, telefónica e persoal

• Apoio á Secretaría no exercicio das súas funcións.

• Realización de informes preceptivos dentro do seu ámbito competencial.

• Calquera outra, propia da súa capacitación profesional e vinculada co posto que lle poidan ser encomendadas polo seu superior xerárquico.

O/A candidato/a que supere o concurso formalizará un contrato laboral fixo a xornada completa e ocupará o posto de axente de emprego e desenvolvemento local.

O/a aspirante que supere este proceso que se convoca e subscriba o contrato laboral fixo estará sometido/a ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro, e concordantes).

3. Condicións ou requisitos dos/das aspirantes

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP e art. 50 e 52 da LEPG, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo. Será necesario:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

a.3) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que no estean separadas de dereito.

a.4) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores da dita idade dependentes.

a.5) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores da dita idade dependentes.

a.6) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de persoa con discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Titulación: estar en posesión de título universitario: diploma, licenciatura ou grao.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso a homologación.

f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas.

g) Acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel CELGA 4 —ou curso de perfeccionamento de galego—, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG núm. 146, do 30 de xullo de 2007).

Se non se pode acreditar este requisito, será necesario superar unha proba de lingua galega. A proba de coñecemento de lingua galega realizarase unha vez finalizado o concurso de

méritos a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención da praza e cualificarase como apta ou non apta.

4. Solicitudes e documentación

A solicitude para tomar parte no procedemento de selección axustarase ao modelo que figura como anexo I ás presentes bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e na sede electrónica do Concello de Cortegada, e dirixirase ao alcalde do Concello de Cortegada.

Presentarase, debidamente cuberta, no Rexistro Xeral do Concello ou a través da súa sede electrónica, no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Tamén se poderán presentar en calquera dos lugares e formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que se opte por presentar a solicitude ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que esta sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. As solicitudes presentadas por este medio deben de ser comunicadas ao Concello mediante correo electrónico concello.cortegada@eidolocal.es durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. En caso de non realizar esta comunicación vía mail dentro do prazo de presentación de instancias quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

Os/as aspirantes deberán achegar xunto á solicitude, fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos alegados.

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar un informe da vida laboral e certificación expedida pola Administración pública ou entidade na que prestou os servizos como técnico local de emprego ou axente de emprego e desenvolvemento local, na que se indique o posto de traballo desenvolvido, o cómputo total de días, meses e/ou anos traballados e se foi a tempo completo ou a tempo parcial; en calidade de persoal temporal.

Para acreditar a formación, débese presentar copia dos títulos propios/ diplomas/ ou certificación de superación dos cursos, debidamente relacionados no anexo II

A data límite para a presentación dos méritos e a presentación dos documentos relativos a estes será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso se valoraran méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente no prazo, ou que a xuízo do Tribunal non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación ou acreditación insuficiente dos méritos determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

A solicitude cos datos persoais do/a solicitante (anexo I) acompañaranse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

- Copia da titulación académica oficial requirida para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión del, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

- Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (Celga 4 ou equivalente).

- Documentación acreditativa dos méritos alegados: informe da vida laboral e certificación de servizos prestados (experiencia laboral).

- Documentación acreditativa dos méritos alegados: anexo II e copia dos títulos, diplomas (formación).

Para os efectos de contabilizar cada un dos méritos alegados tomarase como data límite o último día del prazo de presentación de solicitude de participación no proceso selectivo.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Os aspirantes con grao de discapacidade igual ou superior ao 33% poderán solicitar na instancia as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo, co fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. Xunto coa solicitude deberá achegarse o ditame médico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación de grao de discapacidade, acreditando: as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, para os efectos de que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concepción da adaptación solicitada. Que o/a aspirante posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño dos correspondentes funcións ou tarefas propias da praza.

5. Admisión de aspirantes

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes, pola que declarará aprobada a lista provisoria de admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia, no taboleiro de edictos da casa do concello e da sede electrónica, e sinalarase un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme co disposto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en sucesivas citas LPAC), para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Logo de rematar o prazo de emendas, e resoltas as reclamacións existentes, o Presidente ditará resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as e publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Cortegada e tamén no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non ter defectos que emendar, a lista provisional será considerada a todos os efectos definitiva.

A participación no proceso selectivo implica o consentimento para que os datos persoais achegados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos/anuncios do Concello e na páxina web municipal cando así o requira a tramitación do procedemento. Por aplicación do principio de especialidade, os datos persoais que poderán ser obxecto de publicación son: o nome, apelidos e número do documento nacional de identidade ou documento equivalente.

6. Tribunal cualificador

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, empregados públicos, non inferior a cinco, e deberá designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará como presidente e outro como secretario do tribunal. No suposto de ausencia das persoas que desempeñen os postos de presidente e secretario, ben sexan titulares ou suplentes, actuará no seu lugar o primeiro vogal.

O alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público, que será publicado no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica.

Consonte co establecido no devandito artigo o Tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente: un/unha funcionario/a ou persoal laboral; suplente: un/unha funcionario/a ou persoal laboral, designado pola Presidencia ou órgano competente entre o persoal da propia Corporación ou persoal doutras administracións públicas de nivel igual ou superior á praza ou prazas que se oferten.
- Vogais: tres funcionarios ou persoal laboral designados pola Presidencia; suplentes: un/unha funcionario/a persoal laboral.
- Secretario/a: un/unha funcionario/a ou persoal laboral; suplente: un/unha funcionario/a ou persoal laboral.

Os tribunais cualificadores que deben xulgar o procesos selectivos serán nomeados polo órgano competente xunto coa lista definitiva de aspirantes seleccionados.

Non poderán formar parte dos tribunais o persoal ou designación política, os/as funcionarios/as interinos e o persoal eventual.

Todos os membros dos tribunais deberán posuír titulación de igual nivel ou superior á exixida para o acceso as prazas convocadas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outono, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, redactarase de cada sesión unha acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co visto e prace do presidente.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nelas.

Os seus acordos poderán impugnarse polos persoas con lexitimación nos supostos e nos prazos establecidos na LPACAP.

7. Procedemento de selección

O procedemento de selección realizarase a través do sistema de concurso, que consistirá nunha única fase de valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes de acordo co baremo de méritos contemplado nestas bases.

Unha vez concluída a valoración dos méritos do proceso de concurso, o Tribunal publicará, no taboleiro de edictos do Concello de Cortegada e na sede electrónica do Concello, a puntuación total dos méritos valorados de cada aspirante.

Esta fase terá unha puntuación máxima de 100 puntos. Consistirá na valoración polo tribunal, segundo o seguinte baremo

A. Experiencia profesional. Máximo 90 puntos.

a) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de técnico de emprego ou de axente de emprego e desenvolvemento local nesta entidade local convocante do proceso: 0,85 puntos por mes completo traballado.

b) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de técnico de emprego ou de axente de emprego e desenvolvemento local en calquera outra administración pública (distinta do Concello de Cortegada): 0,30 puntos por mes completo traballado.

d) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de técnico de emprego ou de axente de emprego e desenvolvemento local en calquera outra entidade, a razón de 0,06 puntos por mes completo traballado.

Entenderase por mes completo traballado trinta días naturais, e desprezaranse e non se acumularán as fraccións. Se os contratos fosen a tempo parcial computarán proporcionalmente ao número de horas desenvolvidas, conforme apareza no informe da vida laboral.

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificación expedida pola Administración pública ou entidade na que prestou os servizos como técnico local de emprego ou axente de emprego e desenvolvemento local, indicando o posto de traballo desenvolvido, o cómputo total de días, meses e/ou anos traballados e se foi a tempo completo ou a tempo parcial.

2. Formación: máximo 10 puntos

Pola realización, participación, asistencia e aproveitamento de actividades, xornadas e cursos de formación e/ou perfeccionamento recibidos, impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Servizo Público de Emprego, FEMP, FEGAMP, EGAP, colexios profesionais, organizacións sindicais no Plan de formación continua ou por calquera organismo ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou vinculadas con estas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría, praza e posto e tamén os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral, ofimática, coñecemento da lingua galega.

Puntuación: 0,10 puntos/hora

Documentación acreditativa dos cursos: mediante copia simple dos títulos propios/ diplomas/ ou certificación de superación dos cursos, debidamente relacionados no Anexo II

Para os efectos de evitar unha documentación innecesaria, indícase que non puntuarán:

- Os cursos que teñan idénticos contidos, aínda que se desenvolveran en datas distintas. Neste suposto só puntuará un deles, que será o de data máis recente
- Os cursos que non figuren na relación que debe acompañar a solicitude
- Os cursos que figuren na relación pero non conste certificado ou diploma

8. Proba de coñecementos da lingua galega

Aqueles aspirantes que non poidan acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel Celga 4 ou equivalente deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, que o Tribunal decida.

Para tal efecto o Tribunal convocará cunha antelación de 10 días naturais aos candidatos que estean nesta situación, para realizar a proba de coñecemento de galego.

Aqueles candidatos/as que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberán indicalo na súa solicitude para adaptar as probas. A proba terá carácter eliminatorio e cualificarase co resultado de apto ou non apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto.

9. Relación de candidatos que superen o proceso selectivo e resolución deste

Os empates de puntuación resolveranse do seguinte xeito decrecente de prelación:

1º) Estar ocupando a praza obxecto de convocatoria.

2º) Estar ocupando a praza obxecto da convocatoria como persoal laboral temporal, laboral non fixo ou funcionario interino no Concello de Cortegada.

3º) Maior puntuación obtida no apartado do concurso. A) Méritos profesionais no apartado A.

4º) De persistir o empate, a persoa de maior idade.

Unha vez efectuada polo tribunal a valoración dos méritos publicarase, no prazo máximo dun mes, tanto no taboleiro de edictos, como na sede electrónica deste Concello, a relación das persoas aspirantes por orde de puntuación. O número de aprobados non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas. A dita relación elevarase á Alcaldía, para a súa aprobación e publicación.

Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produza renuncia do/a aspirantes seleccionado/a, ou no suposto de que non presentase a documentación esixida na base décima antes da súa contratación ou non o fixese no prazo establecido, o órgano convocante poderá contratar como persoal laboral fixo ao seguinte aspirante que lle siga en puntuación ao proposto polo tribunal.

10. Presentación de documentos

O aspirante proposto, achegará no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Rexistro Xeral do Concello, os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria. En concreto, debe presentar mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

1. Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

No seu caso deberán acreditar os requisitos que lle permiten participar nas probas selectivas, relacionados nas presentes bases.

2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3)Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

4. Título universitario esixible.

5. Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente en data anterior á formalización do contrato laboral.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame desta se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados nas presentes base, os seleccionados non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato/a, e procederase a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superase a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese aquel por falsidade na solicitude de participación.

11. Nomeamento e adquisición da condición de persoal laboral fixo

Unha vez rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, alcalde ditará resolución pola que acorde a formalización do contrato laboral fixo a favor do candidato proposto, no prazo máximo de vinte días, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. O contrato formalizarase no prazo máximo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación.

O decreto polo que se acorde a formalización de contrato laboral fixo será susceptible de recurso de reposición perante o alcalde no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación, ou ben de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día da publicación do nomeamento.

Antes de formalizarse o contrato deberá prestar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme co disposto pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

12. Incidencias

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

• Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación das bases no BOP. Se transcorrese un mes dende o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que este fose resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do ContenciosoAdministrativo no prazo de seis meses.

• Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Ourense dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril e o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O alcalde. Asdo: Avelino Luis de Francisco Martínez.

(Ver anexos páx. 52-53)

Anexo I
Modelo de solicitude

Don/Dona ……..... co DNI núm. ……..…..... e con enderezo para os efecto de notificacións en ..... teléfono ……..., e enderezo de correo electrónico ……informado da convocatoria publicada no BOP núm. .... de data……., para cubrir, mediante concurso, un posto de traballo de axente de emprego e desenvolvemento local, declara:

1º. Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
2º. Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases.
3º. Que se compromete, no caso de ser seleccionado, a achegar a documentación esixida nas bases unha vez rematado o procedemento de selección.
4º. Que queda informado/a da lexitimación do Concello de Cortegada para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Ourense, e no seu caso, na páxina web, taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
5º. Que declara baixo xuramento ou promesa, que non foi separado do servizo de calquera das administracións públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
Xunto coa presente solicitude, acompaño: (marcar o que proceda)

- Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade
- Copia da titulación académica oficial requirida para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión deste, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.
- Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (Celga 4 ou equivalente).
- A documentación acreditativa dos méritos alegados para valorar na fase de concurso acompañada do anexo II
- O informe de vida laboral
- Certificación expedida pola Administración pública ou entidade na que prestou os servizos como técnico local de emprego ou axente de emprego e desenvolvemento local, indicando o posto de traballo desenvolvido, o cómputo total de días, meses e/ou anos traballados e se foi a tempo completo ou a tempo parcial..

En vista do anterior SOLICITA:
Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se xunta, para concorrer ao procedemento selectivo convocado.

Nota: no suposto de que o candidato/a que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo desta mesma precise para a realización da proba de galego -no caso de ter que realizala- algunha medida especial -que non inhabiliten aos candidatos/as para o exercicio das funcións descritas nestas bases, deberá indicalo en documento á parte que xuntará á solicitude, e achegará necesariamente certificado do grao e tipo de discapacidade, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización da proba.

Cortegada, de ….. de 202

Asdo….....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CORTEGADA

O interesado autoriza ao Concello de Cortegada para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias desta base de datos, para o seguimento e a xustificación da actividade e para calquera outra actividade directamente relacionada co obxecto deste formulario. O órgano responsable do ficheiro é o Concello de Cortegada e o enderezo onde o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante este é Otero Novas, 2. Cortegada. 32200 (Ourense), de todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

Anexo II

Relación de méritos alegados (formación)
Debe acompañarse necesariamente dos diplomas ou certificados dos cursos.

Núm.	Nome do curso	Impartido por	Núm. de horas

Bases por la que se regulan la convocatoria y el proceso de selección de personal laboral fijo, mediante el procedimiento de estabilización de empleo temporal en el Ayuntamiento de Cortegada del puesto de agente de empleo y desarrollo local, aprobadas por la Junta de Gobierno Local de este Ayuntamiento, en la sesión extraordinaria del día 13 de diciembre de 2022.

1. Objeto de la convocatoria

Constituye el objeto de las presentes bases la regulación del proceso excepcional para la convocatoria y el proceso de selección de personal laboral fijo del puesto de agente de empleo y desarrollo Local, mediante el procedimiento de estabilización de empleo temporal por concurso, dentro del marco general de ejecución de la oferta pública, aprobada mediante Resolución de la Alcaldía, del día 27 de mayo de 2022, publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense número 123, de 31/05/2022 y en el Diario Oficial de Galicia número 105, de 02/06/2022

Las bases serán publicadas en el BOP de Ourense y en la sede electrónica del Ayuntamiento de Cortegada. También será publicado un anuncio de la convocatoria en el DOG y en el BOE. El plazo de presentación de solicitudes será de veinte (20) días hábiles contados a partir del siguiente al de la publicación de la convocatoria en el BOE.

El sistema selectivo empleado será el concurso que se desarrollará según lo previsto en las presentes bases.

Dicho puesto se convoca al amparo de la disposición adicional sexta de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público.

2. Características de la plaza

Grupo de clasificación: II

Denominación: agente de empleo y desarrollo local.

Núm. de plazas: 1

Régimen: personal laboral fijo

Tipo de jornada: completa

Sistema selectivo: concurso

Cometido funcional: El/La AEDL de Cortegada tendrá que colaborar en la promoción e implantación de las políticas activas de empleo relacionadas con la creación de actividad empresarial y cuantas acciones contribuyan al desarrollo local, integral y sostenible en los ámbitos económicos, cultural, social y ambiental. Colaborará con la Xunta de Galicia y otras administraciones en todas esas políticas de promoción económica y empleo a través de las ayudas que se convoquen o convenios que se firmen y procurará una dinamización económica del territorio a través de la prospección de recursos.

Otras funciones administrativas:

- Redactar y gestionar todo tipo de documentos administrativos, notificaciones, correos electrónicos, etc.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade de coñecer eses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación do emprego público ao Concello de Cualedro (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679). No caso dos datos necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e a valoración de solicitudes, a necesidade de coñecer eses datos é para satisfacer a finalidade de interese público (organización e xestión do emprego público municipal) perseguida coa convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados ao Concello de Cualedro serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado do Concello para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de persoas solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos.

- Aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos administrativos e xudiciais que poidan interpoñerse contra os actos e resolucións susceptibles de recurso, así como aos membros dos tribunais cualificadores, Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións dos tribunais e das devanditas autoridades públicas.

- Aos concelleiros, cando o reclamen, para o exercicio do seu dereito á información.

f) En ningún caso se transferirán os datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello de Cualedro de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) En todo momento, as persoas interesadas poderán solicitarlle á Alcaldía do Concello de Cualedro o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez finalizado o procedemento, sempre que conste a firmeza do acto administrativo que lle poña fin e transcorrese o prazo sinalado na letra c) anterior desta base. Poderá

formularse, igualmente, a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular da persoa interesada, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679. Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Cualedro. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao Concello neste procedemento.

i) En todo caso, a persoa interesada poderá formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta base.

k) Respecto das persoas que participen nas quendas por diversidade funcional, a publicación da súa identidade realizarase mediante o número completo do seu documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente, salvo que previa e expresamente manifeste o seu consentimento á publicación do seu nome completo. Neste último caso, identificarase, ao igual que o resto de aspirantes, mediante a publicación do nome e apelidos engadindo catro cifras numéricas aleatorias do seu documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente.

Oitava. Tribunais de selección

1. O tribunal de selección estará formado como mínimo por 5 membros: Presidencia, tres vogais e secretario/a que actuará con voz e sen voto. As persoas membros do tribunal deberán ter a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera organismos pertencente ao sector público.

A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición de conformidade co establecido no artigo 60 do TRLEBEP e 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Será designado na resolución pola que se aproben as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, segundo o establecido na base reguladora sexta.

2. As persoas membros do tribunal (titular e un suplente) con dereito a voto serán designadas mediante resolución da Alcaldía.

3. As persoas membros do tribunal estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación destas bases. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

4. Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións e non estarán suxeitos a instrucións de ningún tipo por parte dos órganos do Concello de Cualedro. O Concello de Cualedro porá á súa disposición os medios materiais que precisen para a realización do seu cometido. En casos xustificados, os tribunais de selección poderán solicitar a contratación de persoal asesor técnico especializado para a realización e avaliación das probas selectivas. Estas persoas, que debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de membros dos órganos de selección establece a lexislación vixente, colaborarán co tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e deberán comparecer a título individual, con voz e sen voto.

5. O tribunal de selección non poderá constituírse sen a presenza física de máis da metade das persoas que o conformen, sendo en todo caso necesaria a da Presidencia e a da Secretaría. As súas decisións adoptaranse por maioría.

6. Correspóndelle á Presidencia do tribunal acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

7. A Secretaría, que intervirá con voz e sen voto, custodiará os exames e actas e elaborará as actas dos acordos. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

8. Todas as persoas que forman parte do tribunal de selección terán dereito a recibir as correspondentes indemnizacións ou axudas de custo de conformidade coa lexislación vixente.

9. As resolucións do tribunal vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as resolucións, actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados, poderán interpoñerse os recursos que legalmente procedan en dereito.

Novena. Fase previa: exercicio de galego

Os/as aspirantes que non acreditasen o coñecemento de lingua galega na forma establecida na base quinta 2.l d) deberán realizar o exercicio previo conforme á cláusula g) da base cuarta 1.

Décima. Proceso de concurso-oposición.

A) Fase de concurso

1. Coa resolución de aprobación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas, sinalarase a data e lugar das convocatorias para a constitución do tribunal, proba de galego e a valoración de méritos do/as candidatos/as admitidos/as.

2. O tribunal valorará os méritos que alegasen e xustificasen as persoas aspirantes na solicitude e documentación anexa, na seguinte forma, agás cando se sinalen outros baremos nas normas específicas de cada praza:

a) Participar ou impartir cursos organizados ou homologados polos centros ou servizos de formación das diferentes administracións públicas e universidades, ou os impartidos polas organizacións sindicais ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos acordos de formación continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas Administracións Públicas e realizados dentro do Plan de formación e inserción profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira

Os cursos de galego (cuxas titulacións sexan expedidas ou homologadas polos organismos correspondentes da Xunta de Galicia) sempre están relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira.

Por grupos e subgrupos de titulación, as táboas para a puntuación máxima sería:

Grupo A2: 80 horas (0,05 puntos hora)

Grupo AP: 10 horas (0,40 puntos hora)

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

b) Por cada mes de servizo remunerado, prestado en postos de traballo correspondentes á mesma categoría profesional da praza á que se aspira:

1) 0,50 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente do Concello de Cualedro, en calidade de persoal temporal.

2) 0,25 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no resto do sector público, en calidade de persoal temporal.

A puntuación máxima deste apartado será de 36 puntos.

Os servizos previstos anteriores computaranse ata a data prevista legalmente como último día para presentar as instancias.

B) Fase de oposición

I) Comezo das probas e orde de actuación das persoas aspirantes.

1. Quince días naturais antes, como mínimo, do comezo dos exercicios, anunciarase no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Cualedro o día, a hora e o lugar no que terán lugar. Os anuncios sucesivos para a realización das restantes probas publicaranse no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Cualedro con, cando menos, setenta e dúas horas de antelación antes do comezo das probas.

2. Os exercicios practicaranse en chamamento único. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios no momento do chamamento, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar neles, quedando excluída, en consecuencia, do procedemento selectivo. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio co seu DNI, NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas.

3. A orde na que actuarán as persoas aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar conxuntamente, iniciarase alfabeticamente pola primeira da letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda, do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2022).

4. Se a causa de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados, algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo ou realizar algún exercicio deste, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedasen aprazadas, sen que poidan demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal e, en todo caso, a realización das probas terá lugar antes da publicación da lista das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo.

II) Desenvolvemento dos exercicios e sistemas de cualificación.

1. Para a práctica dos exercicios da fases de oposición, que serán obrigatorios, os tribunais poderán requirirlles ás persoas aspirantes, en calquera momento, que acrediten a súa identidade. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluiráselle desta, tras a audiencia previa da persoa interesada. A exclusión será acordada pola Alcaldía, a proposta do tribunal.

2. Os exercicios serán os que se sinalen para cada convocatoria específica, e coas seguintes regras xerais, sen prexuízo do previsto nas referidas convocatorias específicas:

Exercicios de tipo test: obrigatorio e non eliminatorio. Referiranse ás materias propias de cada praza, segundo os programas ou cuestionarios anexos. Valoraranse cun máximo de 60 puntos. Os test cualificaranse de forma matemática, asignando puntuación positiva aos acertos e non computando os erros, nin as preguntas deixadas en branco. As preguntas serán como mínimo as seguintes:

- Grupo A2: 50
- Agrupacións profesionais: 20

3. Para a elaboración dos exames tomarase como referencia o propio temario. Será exixible no momento da realización das diferentes probas o coñecemento da normativa en vigor que figure nos diferentes temarios descritos nas bases reguladoras específicas de cada praza. Non serán exixibles as modificacións ou derrogacións que se produzan trinta días antes da realización das diferentes probas.

Décimo primeira. Criterios de desempate

1. No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a. Estar ocupando no Concello de Cualedro algunha das prazas obxecto da convocatoria na mesma categoría profesional.

b. Maior antigüidade na ocupación dalgunha das prazas obxecto da convocatoria na mesma categoría profesional.

c. Estar ocupando no Concello de Cualedro algunha praza distinta das do obxecto desta convocatoria.

d. Estar ocupando en calquera outra administración pública ou empresa do sector público algunha praza na mesma categoría profesional que a do obxecto desta convocatoria.

e. As mulleres no suposto de existir infrarrepresentación feminina no correspondente corpo, escala, grupo ou categoría. A infrarrepresentación calcularase de acordo co previsto no artigo 49.2 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

f. A persoa de maior idade.

g. De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda, do 28 de xaneiro de 2022, (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2022).

2. A puntuación final e a orde de cualificación das persoas aspirantes que superasen as probas estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos exercicios da oposición e da fase de concurso, que será previa e non eliminatoria. A puntuación de cada persoa aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todas as persoas que formen parte do tribunal asistentes á sesión. A puntuación obtida pola persoa aspirante na fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición. As cualificacións das persoas aspirantes, en cada un dos exercicios, serán publicadas na sede electrónica do Concello de Cualedro no seguinte día hábil ao de realización da cualificación.

Décimo segunda. Publicación de resultados finais e presentación de documentos.

1. Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal publicará na sede electrónica do Concello de Cualedro a

relación de persoas que superaron o procedemento por orde de puntuación final, con especificación da cualificación, e remitiralle a devandita relación ao alcalde para os efectos da tramitación dos nomeamentos. O tribunal non poderá propoñer o nomeamento ou contratación dun número de persoas superior ao de prazas convocadas, agás cando así o determine a propia convocatoria. Con todo, sempre que se propuxesen o nomeamento de igual número de persoas aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de persoas aspirantes seleccionadas, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que resolve poderá requirir do tribunal unha relación complementaria de persoas aspirantes que sigan ás persoas propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no TREBEP .

2. A resolución de nomeamento ou contratación corresponderalle á Alcaldía, de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e publicarase no Boletín Oficial da Provincia. A dita publicación determinará o inicio do cómputo do prazo para a interposición de reclamacións ou recursos que procedan.

3. As persoas aspirantes propostas presentarán no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo de 20 días naturais contados a partir da publicación do resultado final na sede electrónica do Concello de Cualedro, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 4ª.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais do Estado ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial firme.

c) No suposto de ser nacional doutro estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou inhabilitado ou en situación equivalente nin constar sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) O certificado negativo do Rexistro Central de Penados e Rebeldes obterase por parte da persoa aspirante.

Décimo terceira. Nomeamento e toma de posesión ou contratación

1. Agás nos casos de forza maior, se dentro do prazo indicado as persoas aspirantes propostas non presentasen a súa documentación ou non acreditasen reunir os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados para as prazas polo que quedarán sen efecto todas as actuacións realizadas e o alcalde declarará a caducidade da proposta de nomeamento, tras a audiencia previa da persoa afectada, e sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade na solicitude para participar no proceso selectivo.

2. As persoas aspirantes nomeadas deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e se non o fixesen dentro do prazo sinalado, sen causa xustificada, perderán a condición de persoal laboral e/ou todos os dereitos adquiridos en virtude do nomeamento. En todo caso, a declaración de caducidade do nomeamento efectuaraa o alcalde, tras o expediente contraditorio con audiencia das persoas interesadas.

3. Nos supostos de caducidade dos nomeamentos ou das propostas de nomeamento, así como nos de renuncia, o alcalde requirirá ao tribunal a formulación dunha nova proposta, que incluirá á persoa aspirante inmediatamente seguinte por orde de puntuación que superase todas as probas selectivas.

Décimo cuarta. Incidencias

1. Estas bases e as súas convocatorias e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

Ademais, contra os acordos dos tribunais de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na sede electrónica do Concello de Cualedro. O prazo quedará suspendido se a persoa aspirante solicita que se lle poña de manifesto o expediente, polo prazo que transcorra entre a solicitude e o día no que se lle poña de manifesto, establecéndose o prazo máximo de suspensión en 10 días hábiles. As reclamacións deberán ser resoltas polo tribunal de selección e deberán ser publicadas na sede electrónica do Concello de Cualedro, sen prexuízo da súa notificación ás persoas reclamantes. A publicación efectuarase xunto co anuncio do lugar e a data de realización do seguinte exercicio (salvo que sexa o último). Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

2. O tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, procurando, na media do posible, o anonimato das persoas aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas.

Décimo quinta. Retribucións dos persoas seleccionadas

Ata tanto se inicie a efectiva prestación dos servizos, as persoas aspirantes non terán dereito a ningunha percepción económica.

Décimo sexta. Prazas que se convocan e títulos esixidos

Sistema de selección concurso-oposición

I. Prazas que se convocan

1. Unha (1) praza de arquitecto técnico: persoal laboral fixo, asimilada a A2.

Título de grao/diplomatura en Arquitectura Técnica ou título equivalente.

Cando se aleguen equivalencias de títulos, achegarase, no seu día, un certificado para o efecto, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Título oficial universitario con nivel, como mínimo, 2 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 6 do marco europeo de cualificacións).

2. Unha praza (1) praza de operario condutor de rozadoira (agrupada co Concello de Cualedro), persoal laboral fixo, grupo V.

Non é necesario titulación ningunha do sistema educativo. Permiso de condución B.

Non é necesario titulación ningunha do sistema educativo

Décimo sétima. Dereitos de exame:

Os dereitos de exame serán os seguintes:

Grupo A (Subgrupos A1 e A2); 30,00 €

Agrupacións profesionais; 6,00 €

O ingreso da taxa realizarase no número de conta da ABANCA: ES51 2080 5295 11 3110004623

Décimo oitava. Normas específicas para cada praza.

1. 1 praza de técnico municipal, persoal laboral fixo, asimilada a A2. Sistema de concurso-oposición.

Fase concurso: as normas xerais da cláusula décima

Fase de oposición:

Exercicios:

Teórico-Escrito: test sobre as materias do temario: 50 preguntas. A valoración será de 0 a 60 puntos (base décima). Tempo de desenvolvemento: sesenta minutos.

Temario xeral: arquitecto técnico

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I artigos 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.

2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia: título I, título II e título III.

3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV capítulo I e capítulo IV e o título V.

4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar capítulos III e IV.

5. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.

6. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I. Título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

7. Lei 9/2017, de contratos do sector público, libros I e II.

Temario específico arquitecto técnico

1. A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.

2. Disposicións relacionadas coa edificación. Normas, regulamentos e instrucións.

3. Disposicións sobre redacción de proxectos e dirección de obras. O libro de ordes e visitas. O certificado final de obras. Responsabilidade profesional do técnico. Intervencións dos colexios profesionais. O visado colexial.

4. O Código técnico de edificación. Ámbito de aplicación. Partes e contidos. Xeneralidades e esixencias básicas.

5. Seguridade estrutural na edificación. DB-SE.

6. Seguridade en caso de incendios na edificación. DB-SI.

7. Seguridade de utilización na edificación. Esixencias básicas SUA 1 a SUA 8.

8. Condicións de salubridade na edificación. DB-HS.

9. Aforro de enerxía na edificación. DB-HE.

10. A certificación de eficiencia enerxética.

11. Condicións acústicas na edificación Normativa técnica. DB-HR.

12. Real decreto 470/2021, do 29 de xuño, polo que se aproba o Código estrutural

13. Decreto 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

14. LEI 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade

15. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 74/2013, 18 abril, polo que se modifica o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores (DOG, 22 maio).Vixencia: 23 maio 2013

16. Esixencia básica DB-SUA. Seguridade de utilización e accesibilidade.

17. Seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997.

18. Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. Decreto 19/2011, do 10 de febreiro) O Plan de ordenación do litoral (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro).

19. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e a Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: obxectivos e principios xerais.

20. O réxime xurídico do solo: dereitos e deberes dos propietarios do solo. A clasificación urbanística do solo. As normas de aplicación directa. Réxime xurídico de aplicación aos concellos con planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

21. O planeamento urbanístico: os plans como figuras centrais do ordenamento urbanístico. Disposicións xerais sobre planeamento: sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social.

22. O Plan básico autonómico de Galicia e os plans básicos municipais.

23. O Plan xeral de ordenación municipal: documentación e determinacións. Procedemento de elaboración e aprobación.

24. As normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. Orde de 8 de abril de 2022 por la que se modifica la Orde de 10 de outubro de 2019 de aprobación de las normas técnicas de planeamiento urbanístico de Galicia

25. O planeamento de desenvolvemento: plans parciais e plans especiais. Outras figuras de planeamento: as delimitacións de solo de núcleo rural, os estudos de detalle, os catálogos.

26. Vixencia, modificación e efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico: o Réxime de planeamento urbanístico de Galicia. O réxime de fóra de ordenación.

27. Execución do planeamento: principios xerais. Áreas de repartimento e polígonos. Os sistemas de actuación: cooperación, expropiación, concerto e compensación. Obtención de terreos de sistemas xerais e locais.

28. Os títulos habilitantes municipais de natureza urbanística: licenzas e comunicacións previas. Disciplina urbanística: principios xerais. A protección da legalidade urbanística, infraccións urbanísticas e as súas sancións. A inspección urbanística.

29. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e o seu regulamento. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

30. Espazos naturais: lexislación estatal e autonómica. Espazos naturais de interese comunitario: a Rede Natura 2000. Usos permitidos e prohibidos nas zonas de especial conservación. Significado das actividades vinculadas aos usos tradicionais.

31. O patrimonio cultural: Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

32. Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago. A protección do Camiño de Santiago, as determinacións e os criterios aplicables nos informes e autorizacións aos plans, programas e proxectos que se desenvolvan nos ámbitos afectados pola delimitación do Camiño de Santiago francés, aprobada polo Decreto 227/2011, do 2 de decembro, e o Decreto 144/2012, do 29 de xuño.

33. O Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cualedro.

2. 1 praza de operario condutor de rozadoira, persoal laboral fixo, grupo V, sistema de concurso-oposición.

Fase concurso: as normas xerais da cláusula décima

Fase de oposición:

Exercicios:.

Teórico-Escrito: test sobre as materias do temario: 30 preguntas. A valoración será de 0 a 60 puntos. (Base décimo primeira. Tempo de desenvolvemento: corenta e cinco minutos.

Temario:

1. Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria: regulamento e normativas aplicables segundo a lei, o permiso de condución, certificado de aptitude profesional e documentación do vehículo.

2. Principios xerais de mantementos e conservación segundo a clasificación dos vehículos.

3. Vehículos híbridos, híbridos enchufables, eléctrico 100% e infraestrutura de recarga: Tipos, descrición e funcionamento.

4. Motores térmicos dos vehículos: descrición e funcionamento.

5. Sistemas de refrixeración e lubricación: tipos, características e funcionamento, lubricación e engraxe nos vehículos, elementos que o compoñen, avarías e as súas consecuencias, engraxes de pezas móbiles. Tipos de lubricantes: aceites, valvulinas, graxas, fluídos hidráulicos, líquidos de dirección e freos; emprego e coidados. Líquidos de refrixeración: mantemento, niveis e conservación.

6. Elementos eléctricos no vehículo: coñecementos básicos de funcionamento, mantementos, avarías máis comúns e consecuencias posibles.

7. Rodas e pneumáticos nos distintos vehículos: tipos, uso, conservación e nomenclatura de pneumáticos.

8. Freos: tipos de freos e sistemas, funcionamento, avarias máis comúns e posibles consecuencias.

9. Sistema de transmisión. Caixa de cambios: tipos, funcionamento e avarías máis comúns e posibles consecuencias. Embrague: tipos, funcionamento, avarías e posibles consecuencias.

10. Vialidade Invernal: fenómenos meteorolóxicos que afectan á vialidade invernal, técnicas empregadas para combater os efectos da neve e o xeo e fundentes. Vehículos e maquinaria empregada na vialidade invernal: tipos, funcionamento, características, elementos específicos de acoplamento, utilidades e mantemento.

11. Coñecementos básicos sobre maquinaria obras e servizos. Maquinaria para obras de movementos de terras: retrocargadoras, cargadoras frontais, buldóceres, moto-niveladoras, compactadores, etc. Maquinaria para obras de firmes para estradas: camións con basculante, esparexedoras de áridos, cisternas de rego, etc.

12. Seguridade viaria. Seguridade dos vehículos: elementos de seguridade, seguridade activa e pasiva.

13. Tacógrafos: concepto e clases, vehículo para os que é obrigatorio o uso do tacógrafo, tempos de condución.

14. Réxime legal dos transportes por estrada: clases de transporte, disposicións comúns aos transportes de mercadorías e de viaxeiros, disposicións específicas para o transporte de mercadorías e a súa condución, disposicións específicas do transporte de persoas e a súa condución. Clasificación das autorizacións (tarxetas). Réxime sancionador.

15. A condución segundo condicións meteorolóxicas ou ambientais adversas.

16. O consumo de combustible. Condución eficiente.

17. Xeografía do concello de Cualedro; localidades e rede de estradas que atravesan o municipio.

18. Conceptos de mantemento (preventivo, correctivo, legal...). Principios xerais. Conservación da maquinaria. Labores de conservación e mantemento e a súa periodicidade (diarias, semanais, mensuais...)

19. Condución óptima do tractor rozadoira. Condución segura (para os operarios, para o vehículo, para os cidadáns), condución eficiente (rendementos, consumos, durabilidade), condución en condicións de viabilidade adversa.

20. Prevención de riscos laborais na condución da maquinaria.

21. A lei en materia de igualdade aplicable ás entidades locais.

(Ver anexo páx. 68)

Anexo I

Modelo normalizado de solicitude de participación no proceso selectivo para a provisión de prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal do Concello de Cualedro, de conformidade coa Lei 20/2021

I. Datos da persoa solicitante:

Apelidos:_____Nome:_____

DNI/NIE:_____ Enderezo: _____

Poboación e código postal_____

Provincia: _____ teléfono móbil _____

Teléfono fixo:_____ Correo electrónico: _____

II. Solicita a súa admisión no proceso selectivo para a provisión de prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal do Concello de Cualedro, de conformidade coa Lei 20/2021 segundo se indica no anexo II desta solicitude.

III. Documentación que se achega:

- Xustificante de pago da taxa de procesos selectivos (e/ou de cumprir os requisitos de bonificación ou exención da taxa, de ser o caso).
- Diploma ou certificado polo que se acredite o grao de iniciación do idioma galego (Celga)
- Carné B (para o caso de operario condutor de rozadoira)
- Xustificantes dos méritos alegados.

IV. Documentación que xa consta en poder do Concello de Cualedro (de ser o caso, indíquese de que documentación se trata en folla á parte, sinalando a data e o procedemento no que foi achegada)

V. Consinto expresamente que o Concello de Cualedro poida obter electronicamente nas redes corporativas e/ou plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, os documentos ou informacións indicados na base 4.ª da convocatoria, referidos á titulación esixida, así como aos datos de identidade.

VI. Autorizo ao Concello de Cualedro para que me sexa enviado por vía de correo electrónico ou SMS a comunicación de aviso da publicación na sede electrónica do Concello dos diferentes actos e resolución de interese para a miña solicitude.

VII. Consinto expresamente que o Concello de Cualedro publique o meu nome completo nos diferentes actos e resolucións deste procedemento.

....., ... de ... de 2022

Anexo II

Listado de prazas

Prazas: a persoa aspirante deberá marcar a/as categorías ás que desexa presentarse.

	Asimilado A2	Arquitecto técnico (agrupada co Concello de Monterrei)	Laboral fixo
	V	Operario condutor de rozadoira (agrupada co Concello de Monterrei)	Laboral fixo

Segundo. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e un extracto das prazas no DOG e no BOE, na forma regulamentaria.

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data. Non poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen oportuna.

Cualedro, 15 de decembro de 2022. O alcalde.

Asdo.:Luciano Rivero Cuquejo.

Para los efectos oportunos, se publica que la Alcaldía dictó el siguiente decreto:

Expediente núm.: 51/2022

Bases reguladoras y convocatoria de la oferta de empleo público extraordinaria para la estabilización de empleo temporal (Ley 20/2021, de 28 de diciembre)

"Teniendo en cuenta los siguientes antecedentes:

Documento; Fecha/N.º; Observaciones

Mesa de Negociación ; 12-12-2022

Informe de Secretaría Intervención; 12-12-2022

Siguiendo con las previsiones de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre de 2022, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público, y una vez vista la Resolución de la Alcaldía de 28 de abril de 2022, de aprobación de la oferta extraordinaria del empleo público para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cualedro, corresponde la aprobación de la convocatoria y de las bases de la oferta de estabilización. La Mesa General de Negociación del Ayuntamiento de Cualedro se reunió el día 12 de diciembre de 2022, donde se sometió a informe y consulta el proyecto de las Bases reguladoras y convocatoria de los procesos selectivos para la provisión de las plazas incluidas en la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cualedro. Su informe fue favorable por unanimidad de sus miembros.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 21.1.g) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, resuelvo:

Primero. Aprobar las bases reguladoras y la convocatoria de la oferta de empleo público extraordinaria para la estabilización de empleo temporal del Ayuntamiento de Cualedro, de conformidad con la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, con el siguiente contenido:

Bases reguladoras y convocatoria de los procesos selectivos para la provisión de las plazas incluidas en la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cualedro de conformidad con la Ley 20/2021

Primera. Objeto de la convocatoria.

Es objeto de estas bases la regulación de los procesos selectivos para la provisión en propiedad de las plazas de personal laboral fijo del Ayuntamiento de Cualedro incluidas en la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cualedro, aprobada por Resolución de la Alcaldía, de 28 de abril de 2022 (publicada en el BOP núm. 98, de 30 de abril de 2022 y en el DOG núm. 97, de 20 de mayo de 2022).

La relación de dichas plazas se recoge en la base 16ª.

Segunda. Legislación aplicable.

A las pruebas selectivas les será de aplicación la normativa estatal y autonómica reguladora de la selección de personal funcionario de carrera y laboral fijo al servicio de las administraciones locales y concretamente lo dispuesto en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público así como lo dispuesto en esta convocatoria.

Tercera. Sistemas de selección.

Conforme con lo dispuesto en la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cualedro, se establece como sistema de selección el sistema de concurso-oposición para la provisión de las plazas correspondientes a los procesos de estabilización de empleo temporal previsto en la Ley 20/2021.

Cuarta. Requisitos de las personas aspirantes.

1. Para participar en las pruebas selectivas, de conformidad con lo establecido en el artículo 56 del TRLEBEP, las personas aspirantes deberán reunir los siguientes requisitos, referidos todos y cada uno de ellos a la fecha en la que finalice el plazo de presentación de solicitudes, y conservarse, cuando menos, hasta la fecha de la toma de posesión.

a) Nacionalidad: tener la nacionalidad española. Además, y conforme con lo establecido en los artículos 57 del TRLEBEP y 52 de la LEPG, podrán acceder a las plazas de personal funcionario de carrera, las personas nacionales de los demás estados miembros de la Unión Europea, así como las personas extranjeras que reúnan la condición de cónyuges de españoles o de nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho, y sus descendientes y los de su cónyuge – siempre que no estén separados de derecho- menores de 21 años o mayores que vivan a sus expensas. Las mismas reglas se aplicarán, de ser el caso, a las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados internacionales realizados por la Comunidad Europea y ratificados por España, en los que sea de aplicación la libre circulación de personas trabajadoras. En lo que se refiere a las plazas de personal laboral fijo, podrán acceder a ellas, además de las personas señaladas en el párrafo anterior, las personas extranjeras que se encuentren residiendo legalmente en España, de acuerdo con lo previsto en el artículo 10.2 de la Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, de Derechos y Libertades de los Extranjeros en España y de su Integración Social.

b) Edad: tener cumplidos 16 años de edad y no exceder la edad máxima de jubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión del título que en cada caso se señala, o en condiciones de obtenerlo en la fecha en la que finalice el plazo de presentación de solicitudes, en cada caso. Cuando se aleguen equivalencias de títulos, se presentará en su día certificado al efecto de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria. En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero, deberán poseer el documento que acredite de manera fidedigna su homologación.

d) Capacidad funcional: no padecer enfermedad ni estar afectada/o por limitación física o psíquica incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones, sin perjuicio de que sean admitidas las personas con diversidad funcional en igualdad de condiciones que las demás personas aspirantes, según lo dispuesto en la disposición adicional 19ª de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, en la redacción dada por la Ley 53/2003, de 10 de diciembre, y normativa de concordante aplicación.

e) Habilitación: no estar separada/o mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales del Estado o estatutarios de las comunidades autónomas, ni encontrarse en situación de inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial firme. En el supuesto de ser nacional de otro Estado, no encontrarse inhabilitado o en situación equivalente ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su estado, en los mismos términos, el acceso al empleo público.

f) No incurrir en ninguna de las causas de incapacidad o incompatibilidad que determine la legislación vigente.

g) Lengua gallega: acreditar el conocimiento de la lengua gallega de acuerdo con lo establecido en el artículo 51 de la LEPG y en la forma establecida en la base quinta.2.I.d). En el

caso de no poseer los certificados será necesario superar un ejercicio previo y eliminatorio que consistirá en:

- Para los grupos sin requisito de titulación:

Una entrevista oral en el idioma gallego

- Para el resto:

- Una primera prueba que consistirá en la traducción de un texto del castellano para el gallego, elegido por sorteo de entre dos textos propuestos por el tribunal.

- Una segunda prueba que consistirá en la traducción de un texto del gallego para el castellano, elegido por sorteo de entre dos textos propuestos por el tribunal.

El tiempo máximo para la realización del ejercicio será, en cada caso, de una hora. Este ejercicio se valorará como apto o no apto y para superarlo será necesario obtener el resultado de apto. Le corresponderá al tribunal determinar el nivel de conocimientos exigidos para alcanzar el resultado de apto. El/los ejercicio/s se realizarán una única vez para todas las personas candidatas que se presenten a las distintas plazas de la oferta de empleo público extraordinaria para estabilizar el empleo temporal del Ayuntamiento de Cualedro.

h) Los requisitos especiales que se señalen para cada plaza en la base 16ª.

2. En todo caso, el personal que ingrese en virtud de esta convocatoria quedará obligado a prestar los servicios en la jornada de trabajo única o partida que acuerde el Ayuntamiento de Cualedro, así como los servicios o cometidos similares a los de las plazas que obtengan, siempre de acuerdo con las normas generales que se adopten, sin discriminación, con carácter general o para determinados cometidos y servicios.

Quinta. Presentación de solicitudes y admisión de las personas aspirantes.

1. El plazo para la presentación de solicitudes será de veinte (20) días naturales, contados a partir de la publicación del anuncio de la convocatoria en el BOE. Previamente, se publicarán las bases íntegras en el BOP y un anuncio de la convocatoria en el DOG (artículo 205 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia).

2. Las solicitudes se podrán presentar en el Registro General del Ayuntamiento de Cualedro o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Las modalidades de presentación serán las siguientes:

a) De forma presencial, mediante la presentación en papel de la solicitud en el Registro del Ayuntamiento de Cualedro o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

b) De forma telemática, a través del Registro Electrónico General de la sede electrónica del Ayuntamiento de Cualedro, en el enlace https://cualedro.sedelectronica.es. En las solicitudes se hará constar expresamente que la persona aspirante reúne todas y cada una de las condiciones exigidas, referidas a la fecha de expiración del plazo de presentación.

I) Documentación administrativa para la admisión a los procesos:

a) Modelo normalizado de solicitud que se incluye en estas bases (anexo I) y que estará disponible en la sede electrónica del Ayuntamiento de Cualedro https://cualedro.sedelectronica.es y en el Registro General del Ayuntamiento de Cualedro.

b) Copia de la titulación requerida para el acceso a cada plaza.

c) Justificante de pago de la tasa de participación en el proceso selectivo según lo establecido en el artículo 5 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Derechos de Examen del Ayuntamiento de Cualedro (BOP núm. 237, de 15 de octubre de 2022). En caso de que las personas interesadas concurran a más de una de las plazas convocadas, cada una de ellas constituirá un proceso selectivo diferente, por lo que deberá abonar la tasa correspondiente para cada una de ellas. En caso de que la persona interesada esté exenta o tenga derecho a algún tipo de bonificación, deberá aportar la documentación justificativa que indica el artículo 6 de dicha ordenanza municipal.

d) Copia del diploma o certificado Celga 2 (para los subgrupos sin requisito de titulación y C2), Celga 3 (para el subgrupo C1) y Celga 4 (para los subgrupos A1 y La2) que acredite el grado de conocimiento del idioma gallego. Son convalidables para el Celga 3 el certificado del curso de iniciación en lengua gallega y para el Celga 4 el certificado del curso de perfeccionamiento en lengua gallega, así como cualquier otra titulación recogida en la Orden de 10 de febrero de 2014, de la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, por la que se modifica la Orden de 16 de julio de 2007, por la que se regulan los certificados oficiales acreditativos de los niveles de conocimiento de la lengua gallega. En el caso de no presentar esta documentación, la persona interesada deberá realizar una prueba de conocimiento de lengua gallega.

e) Para el caso de la plaza de operario conductor de desbrozadora, carné de conducir B.

II) Documentación para la valoración del concurso:

a) Certificación expedida por la administración competente de los servicios prestados para el caso de experiencia laboral en administraciones públicas.

b) Informe de la vida laboral expedido por la Tesorería General de la Seguridad Social.

c) Contratos de trabajo para el caso de que se aleguen servicios prestados por cuenta ajena en empresas del sector público en la misma o análoga categoría para la que se presenta la solicitud.

d) Diplomas o certificados de los cursos que se aleguen como mérito para su valoración. Los méritos admisibles y evaluables serán únicamente los causados hasta la fecha de la presentación de solicitudes.

3. No obstante lo anterior, no será necesario aportar la documentación señalada en el apartado anterior que ya conste en poder del Ayuntamiento de Cualedro. Se deberá indicar esta situación en la solicitud y hacer constar la fecha y el procedimiento en el que fueron presentados.

- Informe médico oficial actualizado, polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses, contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba a persoa aspirante seleccionada, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

- Declaración responsable de non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin atoparse en situación de inhabilitación para o exercicio das funcións públicas.

- Declaración responsable de que a persoa proposta non está incursa nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Se non se presenta en prazo a documentación requirida, quedará sen efecto o nomeamento realizado e ditarase o oportuno Decreto da Alcaldía.

Unha vez constatado que entregou a documentación esixida en prazo, a persoa candidata seleccionada deberá tomar posesión da praza no prazo máximo de 10 días hábiles.

No caso que non tome posesión da praza no prazo indicado, quedará sen efecto o nomeamento realizado e ditarase oportuno decreto da Alcaldía.

12. Normas Finais

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletorio o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real decreto

lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

O acordo polo que se aproban as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra este poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigos 123 de 124 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas), sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá presentar o recurso contencioso-administrativo (artigos 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas).

13. Tramitación do procedemento

En aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, nomeadamente no seu artigo 1 de modificación do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, polo que se engade un novo apartado 3 ao artigo 11 da dita lei, os procedementos de selección do persoal funcionario deberán rexerse polo principio de celeridade.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas á súa finalización, por non superar o proceso selectivo o número suficiente de aspirantes ao non presentarse candidatos/as.

Anexo

Modelo de solicitude para tomar parte na selección dunha praza de auxiliar de axuda no fogar como persoal laboral fixo, polo procedemento especial de estabilización do emprego temporal de longa duración, incluída na oferta de emprego público 2022 do Concello de Xunqueira de Espadanedo.

Don/Dona ... con DNI ..., con enderezo para os efectos de notificación en ..., teléfono ..., correo electrónico ...

1. Expoño:

- Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Xunqueira de Espadanedo para a selección dunha praza de auxiliar de axuda no fogar como persoal laboral fixo polo procedemento de estabilización do persoal laboral temporal.

- Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita selección e que reúno os requisitos esixidos.

- Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados na base 5ª.

- Que autorizo a utilización do teléfono e/ou o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata.

2. Declaracións responsables:

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que non estou incurso ou incursa en ningunha prohibición para poder optar ao posto que se convoca, nin me atopo en situación de incompatibilidade.

- Que non fun separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións públicas, nin me atopo en situación de inhabilitación para o exercicio de funcións públicas e que tampouco me atopo en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación aplicable.

- Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acato integramente o contido das bases.

Por todo iso, solicito:

A miña admisión no correspondente proceso selectivo.

Xunqueira de Espadanedo, ... de ... de 202...

Sinatura: ...

Bases para a selección dunha praza de persoal de limpeza de edificios municipais a tempo parcial como persoal laboral fixo polo proceso especial de estabilización do emprego temporal de longa duración, incluída na oferta de emprego público 2022 do Concello de Xunqueira de Espadanedo.

1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a cobertura dunha praza de limpeza de edificios municipais a tempo parcial incluída na oferta de emprego público 2022 para a estabilización do emprego temporal de longa duración (segundo a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro), do Concello de Xunqueira de Espadanedo, polo procedemento especial de estabilización do emprego temporal.

A praza atópase clasificada como persoal laboral fixo, grupo V.

Trátase dunha praza de carácter estrutural, que está vacante e dotada orzamentariamente, cuxa cobertura é necesaria, e que cumpre cos requisitos para a estabilización do emprego temporal de longa duración sinalados na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. De igual maneira, o procedemento selectivo atópase dentro do sinalado na propia disposición adicional sexta da citada Lei.

2. Funcións.

As funcións do posto de traballo que se convoca serán as de limpeza e aseo dos edificios ao seu cargo así como calquera outra relacionada co posto e que lle encomende o seu superior xerárquico.

3. Sistema selectivo.

Segundo os artigos 55 do Real decreto lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e 49 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, a selección de persoal ao servizo desta Administración realizarase mediante procedementos que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia.

Consonte a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o sistema de selección será o de concurso.

O procedemento de selección réxese polas presentes bases, e no non previsto nelas, aplicarase o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do empregado público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4. Requisitos das persoas aspirantes.

4.1. Para ser admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión

Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito.

Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo que se convoca.

c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do certificado de escolaridade.

f) Estar en posesión do permiso de condución clase B en vigor.

4.2. Todos os requisitos establecidos na base 4.1 deberán posuírse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, manterse durante todo o proceso de selección e acreditar o seu cumprimento como requisito previo imprescindible para poder ser nomeado, no seu caso, persoal laboral fixo.

5. Solicitudes e prazo de presentación.

5.1. As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán achegar a súa solicitude debidamente cuberta durante o prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE no modelo oficial que figura ao final destas bases e que tamén facilitará este Concello no Rexistro Xeral e/ou na páxina web municipal.

5.2. As solicitudes dirixiranse á Alcaldía deste concello e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, deberán comunicar ao Concello a remisión da solicitude dentro do prazo de presentación de instancias, por fax, correo electrónico ou calquera outro medio polo que quede acreditado.

5.3. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Copia simple do DNI, pasaporte ou documento de identificación.

- Copia simple do documento que acredite a titulación requirida como requisito para acceder ao proceso selectivo.

- De ser o caso, copia simple do certificado que acredite ter obtido o Celga 1 ou equivalente, co que quedarán exentos do exame de galego.

- Relación de méritos alegados que acheguen as persoas aspirantes, pola orde que se estable na convocatoria, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes.

- A prestación de servizos na Administración deberá acreditarse co certificado de servizos prestados expedido pola administración correspondente, especificando as tarefas desenvoltas.

- A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6. Admisión de persoas aspirantes.

6.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía declarará aprobadas as relacións de persoas admitidas e excluídas, que se publicarán no BOP, na páxina web e no taboleiro de anuncios municipal e establecerá o prazo a efectos de reclamacións en 10 días hábiles.

Aquelas persoas que no prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito a ser admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

6.2. Logo de rematado o dito prazo, a Alcaldía aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e determinará o lugar, a data e hora da valoración dos méritos, así como a relación nominal dos membros que compoñerán o Tribunal Cualificador, o cal se publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello.

6.3. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo ao nomeamento que corresponda.

6.4. Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

6.5. Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da realización deste proceso selectivo publicaranse a través do taboleiro de edictos da casa do concello e tamén na páxina web desta Administración.

7. Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o alcalde, Publicarase a súa composición coa lista definitiva das persoas do presente proceso selectivo.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que poida ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os aspirantes.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasem durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen

tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

A solicitude de recusación poderase presentar de xeito electrónico a través do Rexistro do Concello de Xunqueira de Espadanedo.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto, agás a persoa que ostente a condición de secretaria do tribunal, que terá voz pero non voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Así mesmo, o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común a través do recurso de alzada, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O recurso de alzada poderá presentarse de xeito electrónico a través do Rexistro do Concello de Xunqueira de Espadanedo.

Alternativamente, poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Xunqueira de Espadanedo, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme co previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interporse recurso ante a autoridade que nomee ao seu presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, e no caso de que sexan nomeados para o presente procedemento, aboaránselles as indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por axudas de custo e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente en cada momento.

As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

8. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso selectivo.

8.1. O sistema de selección será o de concurso, en aplicación da disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

8.2. A valoración dos méritos do sistema de concurso, en consonancia co proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración obxecto da convocatoria, ten en conta maioritariamente a experiencia profesional no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate. Enténdese este aspecto como un factor fundamental a ter en conta nos méritos achegados polas persoas aspirantes, indicativo do grao de coñecemento e a práctica no desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto da convocatoria, así como dos procedementos, tarefas, condicións e medios necesarios para o seu axeitado desempeño. Os outros méritos valorados no concurso responden ás características e requisitos necesarios para o mellor desempeño do posto ao que se opta.

8.3. Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de realización das probas, así como as puntuacións expoñeranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

8.4. A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

8.5. Criterios de desempate: no suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase aos seguintes criterios segundo a orde de prelación establecida ata que se resolva:

- Resolverase a favor da persoa aspirante coa maior puntuación no apartado da experiencia na administración convocante e no posto en cuestión que se convoca.

- De persistir o empate, resolverase a favor da persoa aspirante que acredite maior experiencia adquirida no Concello de Xunqueira de Espadanedo na fase de concurso.

- De continuar o empate, as persoas aspirantes elaborarán unha memoria na que realizarán unha exposición sobre as tarefas do posto e os requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, e a vinculación do seu currículo persoal coas tarefas do posto, e que terá que ser lida e defendida diante do tribunal, que poderá facer preguntas, para determinar a persoa aspirante que mellor se adecúa ao posto de traballo que se vai estabilizar.

8.6. Concederase un prazo de 3 días hábiles para efectos de alegacións que se contará dende o día seguinte ao da publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello das puntuacións dos correspondentes exercicios.

8.7. Unha vez que conclúa o proceso selectivo, o tribunal formulará a relación de persoas candidatas para o posto de traballo, pola orde de puntuación acadada, con indicación da cualificación obtida, que será elevada á Alcaldía.

A Alcaldía, atendendo ao artigo 61.8 do EBEP, ditará a correspondente resolución coa relación de persoas candidatas ordenada polas puntuacións acadadas.

8.8. En todo o non previsto nestas bases, estarase ao disposto na normativa en materia de acceso aos empregados públicos vixente.

Así mesmo, estas bases e cantos actos administrativos se deriven desta convocatoria, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

9. Procedemento de selección

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso, segundo se recolle a continuación.

9.1. Fase de concurso: será valorada cun máximo de 40 puntos.

A puntuación virá determinada pola acreditación dos seguintes méritos:

a) Experiencia profesional (máximo 36 puntos).

Neste apartado valorarase a experiencia profesional previa no desempeño de postos de traballo de igual categoría á que se opta, tendo en conta que se valorará, en aras do maior grao de eficiencia e eficacia no proceso selectivo, de maneira preferente aquela experiencia obtida no desempeño das tarefas e funcións propias dos postos que se pretenden estabilizar, na forma seguinte:

a.1) Por servizos prestados no Concello de Xunqueira de Espadanedo no posto de persoal de limpeza de edificios municipais: máximo 36 puntos.

Puntuación: 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados exercendo as funcións e tarefas propias do posto que se vai estabilizar.

a.2) Por servizos prestados no posto de persoal de limpeza de edificios municipais noutros concellos ou entidades locais: máximo 36 puntos.

Puntuación: 0,15 puntos por cada mes completo de servizos prestados, tendo en conta que só se poderán valorar postos nos que se acredite a realización de todas as funcións e tarefas do posto que se vai estabilizar.

a.3) Por servizos prestados no posto de persoal de limpeza de edificios municipais noutras Administracións ou entidades do sector público, en posto de igual ou similar natureza: máximo 32 puntos.

Puntuación: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados, tendo en conta que só se poderán valorar postos nos que se acredite a realización de todas as funcións e tarefas do posto que se vai estabilizar.

Non se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo. No caso de prestarse os servizos a tempo parcial, terase en conta esta circunstancia, sendo computados os meses de servizo en función da xornada parcial da praza que se convoca.

Os méritos alegados acreditaranse para o caso de servizos prestados para a Administración pública, mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante presentación do modelo oficial de vida laboral actualizada e orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras administracións públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

b) Méritos académicos (máximo 4 puntos):

- Cursos de formación ou perfeccionamento relacionados coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria ou outros de natureza transversal e que fosen convocados, impartidos ou homologados polas administracións públicas ou universidades, así como os realizados no marco dos acordos sobre formación continua (FEMP, FEGAMP, etc), coa seguinte valoración po cada un deles:

• De duración ata 19 horas: 0,20 puntos.
• De duración de 20 a 50 horas: 0,40 puntos.
• De duración de 51 a 80 horas: 0,80 puntos.
• De duración de 81 a 100 horas: 1,00 puntos.
• De duración de 101 horas en adiante: 2 puntos.

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non se indican as horas de duración, non se outorgará puntuación.

Non se terán en conta aqueles cursos cuxa realización fose precisa para a obtención da titulación esixida para participar neste proceso selectivo.

- Por estar en posesión de titulacións académicas ou profesionais oficiais de nivel superior ás requiridas para o acceso ao corpo, escala ou categoría que se convoca:

• Bacharelato: 0,10 puntos.
• Grao ou equivalente: 1 punto.

9.2. Proba sobre o coñecemento da lingua galega.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece:

"(…) para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento dea lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega".

Polo tanto, consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán a galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá a duración de 30 minutos e cualificarase de "apto/a" ou "non apto/a", quedarán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización desta proba, as persoas aspirantes que estean en posesión do Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente, en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

10. Proposta de nomeamento.

Unha vez concluídas as probas selectivas, o Tribunal cualificador formulará unha proposta de nomeamento da persoa aspirante que reúna a maior puntuación na suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, e conte co Celga 1 ou superase a proba do exercicio de galego, que lle remitirá á Alcaldía para o seu nomeamento como persoal laboral fixo.

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal teña proposto o nomeamento ou a contratación de igual número de persoas aspirantes que de prazas convocadas, na proposta tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada, daqueles aspirantes que non fosen propostas para a selección e nomeamento, atendendo o artigo 61.8 do EBEP.

A resolución publicarase no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e no BOP de Ourense.

11. Incorporación ao posto de traballo.

Á vista da resolución da Alcaldía sobre o nomeamento do persoal laboral fixo, a persoa seleccionada ten un prazo de tres

días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello, para presentar no Rexistro do Concello a seguinte documentación:

- Informe médico oficial actualizado, polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses, contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba a persoa aspirante seleccionada, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

- Declaración responsable de non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin atoparse en situación de inhabilitación para o exercicio das funcións públicas.

- Declaración responsable de que a persoa proposta non está incursa nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Se non se presenta en prazo a documentación requirida, quedará sen efecto o nomeamento realizado e ditarase o oportuno Decreto da Alcaldía.

Unha vez constatado que entregou a documentación esixida en prazo, a persoa candidata seleccionada deberá tomar posesión da praza no prazo máximo de 10 días hábiles.

No caso que non tome posesión da praza no prazo indicado, quedará sen efecto o nomeamento realizado e ditarase o oportuno decreto da Alcaldía.

12. Normas finais

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria ou establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba ou texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

O acordo polo que se aproban as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra este poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigos 123 de 124 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas), sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá presentar o recurso contencioso-administrativo (artigos 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas).

13. Tramitación do procedemento.

En aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, nomeadamente no seu artigo 1 de modificación do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, polo que se engade un novo apartado 3 ao artigo 11 da dita lei, os procedementos de selección do persoal funcionario deberán rexerse polo principio de celeridade.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resultes cubertas á súa finalización, por non superar o proceso selectivo o número suficiente de aspirantes ao non presentarse candidatos/as.

Anexo

Modelo de solicitude para tomar parte na selección dunha praza de persoal de limpeza de edificios municipais a tempo parcial como persoal laboral fixo, polo procedemento especial de estabilización do emprego temporal de longa duración, incluída na oferta de emprego público 2022 do Concello de Xunqueira de Espadanedo

Don/Doña .... con DNI ..., con enderezo para os efectos de notificación en ..., teléfono ..., correo electrónico ...

1. Expoño:

- Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Xunqueira de Espadanedo para a selección dunha praza de persoal de limpeza de edificios municipais a tempo parcial como persoal laboral fixo polo procedemento de estabilización do persoal laboral temporal.

- Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita selección e que reúno os requisitos esixidos.

- Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados na base 5ª.

- Que autorizo a utilización do teléfono e/ou o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata.

2. Declaracións responsables:

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que non estou incurso ou incursa en ningunha prohibición para poder optar ao posto que se convoca, nin me atopo en situación de incompatibilidade.

- Que non fun separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin me atopo en situación de inhabilitación para o exercicio de funcións públicas e que tampouco me atopo en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación aplicable.

- Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acato integramente o contido das bases.

Por todo iso, Solicito:

A miña admisión no correspondente proceso selectivo.

Xunqueira de Espadanedo, ... de ... de 202...

Sinatura: ...

Xunqueira de Espadanedo, 15 de decembro de 2022

O alcalde. Asdo.: Carlos Gómez Blanco.

La Junta de Gobierno Local, del día 15 de diciembre de 2022, aprobó las bases que han de regir la convocatoria y la ejecución del proceso de estabilización de empleo en el Ayuntamiento de Xunqueira de Espadanedo, cuya oferta de empleo público se aprobó por acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Xunqueira de Espadanedo, en la sesión celebrada el día 24 de mayo del 2022, (BOP núm. 120, de 27 de mayo de 2022 y DOG núm. 103, de 31 de mayo de 2022), y que se transcriben a continuación:

Bases para la selección de dos plazas de auxiliar de ayuda en el hogar como personal laboral fijo por el proceso especial de estabilización del empleo temporal de larga duración, incluidos en la oferta de empleo público 2022 del Ayuntamiento de Xunqueira de Espadanedo

1. Objeto de la convocatoria.

El objeto de esta convocatoria es la cobertura de dos plazas de auxiliar de ayuda en el hogar, incluidas en la oferta de empleo público 2022 para la estabilización del empleo temporal de larga duración (según el artículo 2 de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre), del Ayuntamiento de Xunqueira de Espadanedo, por el procedimiento especial de estabilización del empleo temporal.

Ambas plazas se encuentran clasificadas como personal laboral fijo, grupo V.

Se trata de plazas de carácter estructural, que están vacantes y dotadas presupuestariamente, cuya cobertura es necesaria, y que cumple con los requisitos para la estabilización del empleo temporal de larga duración señalados en la disposición adicional sexta de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público. De igual manera, el procedimiento selectivo se encuentra dentro del señalado en el propio artículo 2 de la citada ley.

2. Funciones

2.1. De acuerdo con lo dispuesto en la Orden de 22 de enero del 2009 de la Vicepresidencia de la Igualdad y del Bienestar de la Xunta de Galicia, por la que, se regula el servicio de ayuda en el hogar, las tareas a llevar a cabo podrán ser las siguientes:

a) Atenciones de carácter personal en la realización de las actividades básicas de la vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse y acostarse.

- Apoyo en el cuidado e higiene personal, así como para vestirse.

- Control del régimen alimentario y ayuda, si es el caso, para alimentarse.

- Supervisión, cuando proceda, de las rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

-Apoyo para cambios posturales, movilizaciones, orientación espacio - temporal.

b) Atenciones de carácter personal en la realización de otras actividades de la vida diaria, tales como:

- Acompañamiento fuera del hogar para acudir a consultas o tratamientos.

- Apoyo en la realización de gestiones necesarias o urgentes

c) Atención de las necesidades de carácter doméstico y de la vivienda, tales como:

- Limpieza y mantenimiento de la higiene y salubridad de la vivienda.

- Compra y preparación de alimentos y otros productos de uso común.

- Lavado y cuidado de las piezas de vestir.

- Cuidados básicos de la vivienda.

d) Atenciones de carácter psicosocial y educativo: intervenciones técnico - profesionales formativas y de apoyo al desarrollo de las capacidades personales, a la afectividad, a la convivencia y a la integración en la comunidad, así como a la mejora de la estructuración familiar.

2.2. Con carácter complementario, el servicio de ayuda en el hogar podrá incorporar, entre otros, los siguientes tipos de atención:

a) Actividades de acompañamiento, socialización y desarrollo de hábitos saludables.

b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia y similares.

c) Servicio de podología.

d) Servicio de fisioterapia.

3. Sistema selectivo.

Según los artículos 55 del Real Decreto Legislativo 5/2015 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público y 49 de la Ley 2/2015 del Empleo Público de Galicia, la selección de personal al servicio de esta Administración se realizará mediante procedimientos que respetarán en todo caso los principios de igualdad, mérito, capacidad, publicidad y libre concurrencia.

Conforme al artículo 2 de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público, el sistema de selección será el de concurso - oposición.

El procedimiento de selección se rige por las presentes bases, y en lo previsto en ellas, se aplicará lo dispuesto en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre; en el Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre; en el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado, aprobado por el Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; en la Ley 2/2015, de 19 de abril , del Empleado Público de Galicia y en la Ley 7/1985, de 2 de abril , Reguladora de las Bases del Régimen Local.

4. Requisitos de las personas aspirantes.

4.1. Para ser admitidas al proceso selectivo las personas aspirantes deberán reunir los siguientes requisitos:

a) Ser español o nacional de alguno de los demás estados miembros de la Unión Europea o nacional de algún estado, al que, en virtud de tratados internacionales celebrados por la Unión Europea y ratificados por España, le sea de aplicación la libre circulación de trabajadores.

También podrán participar cualquiera que sea su nacionalidad, el cónyuge de los españoles y de los nacionales de alguno de los demás estados miembros de la Unión Europea, y cuando así lo prevea el correspondiente tratado, el de los nacionales de algún estado al que en virtud de los tratados internacionales celebrados por la Unión Europea y ratificados por España le sea de aplicación a libre circulación de trabajadores, siempre que no estén separados de derecho.

Asimismo, con las mismas condiciones, podrán participar sus descendientes y los de su cónyuge, menores de 21 años o mayores de dicha edad que vivan a sus expensas. También, quien, no siendo español ni nacional de un estado miembro de la Unión Europea, se encuentre en España en situación de legalidad, siendo titular de un documento que lo habilite para residir y poder acceder sin limitaciones al mercado laboral.

b) Poseer la capacidad funcional para elo desempeño de las tareas propias del puesto de trabajo que se convoca.

c) Tener cumplidos los 16 años y no exceder, en su caso, la edad máxima de jubilación forzosa.

d) No haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario del servicio de ninguna administración pública o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni encontrarse en la situación de inhabilitación absoluta o especial para el desempeño de empleos o cargos públicos por resolución judicial, cuando se trate de acceder al cuerpo o escala de personal funcionario, o para ejercer funciones similares a las que desempeñaban en el caso del personal laboral, de la cual la persona fue separada o inhabilitada. En el caso de nacionales de otros estados, no estar inhabilitado/a

o en situación equivalente, ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida en el Estado de origen o acceso al empleo público en los términos anteriores.

e) Estar en posesión, o en condición de obtenerlo en la fecha de final del plazo de presentación de instancias, alguno de los siguientes:

- Certificado de Profesionalidad de Atención Sociosanitaria a Personas en el Domicilio, regulado en el Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto.

- Certificado de formación teórica y experiencia profesional en la Atención Ssociosanitaria a Personas a Domicilio, regulado en el Decreto 99/2016, de 16 de marzo.

- Título de técnico en cuidados auxiliares de Enfermería, establecido en el Real Decreto 546/1995 de 7 de abril, o los títulos equivalentes que establece el Real Decreto 777/1998, de 30 de abril.

-Título de técnico en Atención a Personas en Situación de Dependencia, regulado por el Real Decreto 1593/2011, de 4 de noviembre.

- Cualquier otro título o certificado que se publique con los mismos efectos profesionales que los referidos anteriormente, siempre que cumplan con los requisitos establecidos y sean válidos conforme con el Decreto 99/2012, de 16 de marzo.

Asimismo, las personas podrán obtener la habilitación provisional o excepcional para profesionales pertenecientes a la categoría de auxiliar de ayuda a domicilio en los términos que se regulen en cada momento.

En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero se deberá estar en posesión de la correspondiente convalidación o de la credencial que acredite la homologación.

f) Estar en posesión del permiso de conducción clase B en vigor.

4.2. Todos los requisitos establecidos en la base 4.1 deberán poseerse en el día de la finalización del plazo de presentación de solicitudes, mantenerse durante todo el proceso de selección y acreditar su cumplimiento como requisito previo imprescindible para poder ser nombrado, en su caso, personal laboral fijo.

5. Solicitudes y plazo de presentación.

5.1. Las personas interesadas en participar en el proceso selectivo deberán aportar su solicitud debidamente cubierta durante o plazo de 20 días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación del anuncio de la convocatoria en el BOE en el modelo oficial que figura al final de estas bases y que también facilita este Ayuntamiento en el Registro General y/o en la página web municipal.

5.2. Las solicitudes se dirigirán a la Alcaldía de este Ayuntamiento y se presentarán en el Registro General del Ayuntamiento o por cualesquiera de las formas establecidas en el artículo 16 de la Ley 39/2015 de 1 de octubre de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. En este caso, deberán comunicar al Ayuntamiento la remisión de la solicitud dentro del plazo de presentación de instancias, por fax, correo electrónico o cualquier otro medio por lo que quede acreditado.

5.3. Las solicitudes deberán ir acompañadas de la siguiente documentación:

- Copia simple del DNI, pasaporte o documento de identificación.

- Copia simple del documento que acredite la titulación requerida como requisito para acceder al proceso selectivo.

- En su caso, copia simple del certificado que acredite haber obtenido el Celga 1 o equivalente, con el que quedarán exentos del examen de gallego.

- Relación de méritos alegados por las personas aspirantes, por el orden que se estable en la convocatoria, uniendo a dicha relación los documentos justificativos de los mismos.

- La prestación de servicios en la Administración deberá acreditarse con el certificado de servicios prestados expedido por la administración correspondiente, especificando las tareas desarrolladas.

- La no presentación de la solicitud en tiempo y forma supondrá la exclusión de la persona aspirante.

6. Admisión de personas aspirantes.

6.1. Una vez finalizado el plazo de presentación de solicitudes, la Alcaldía declarará aprobadas las relaciones de personas admitidas y excluidas, que se publicarán en el BOP, en la página web y en el tablón de anuncios municipal, estableciéndose el plazo para efectos de reclamaciones en 10 días hábiles.

Aquellas personas que en el plazo señalado no subsanen los defectos justificando su derecho a ser admitidos, serán definitivamente excluidas del proceso selectivo.

6.2. Después de finalizado dicho plazo, la Alcaldía aprobará la relación definitiva de personas admitidas y excluidas y determinará el lugar, la fecha y hora de la valoración de los méritos, así como la relación nominal de los miembros que compondrán el Tribunal Calificador, la cual se publicará en la web y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento.

